

## foz

A primeira área canina da Mariña estará na contorna de Pico do Castro. **Pax. 11**

## viveiro

O municipio formará parte das rutas dos trens turísticos de Galicia. **Pax. 13**

## xove

Aprobado definitivamente o orzamento do Concello para este ano 2023. **Pax. 19**

## cervo

O rexedor, Alfonso Villares, explica os seus retos de futuro e fala sobre a lexislatura. **Pax. 23**

## barreiros

O Ministerio ultima o convenio para actuar no xacemento da Roda, en Reinante. **Pax. 25**

## Comeza o Entroido

Ano tras ano demóstrase o arraigamento desta celebración e o empeño dos veciños para incrementar a calidade dos actos



## Aberto un segundo carril na N-642

Tralos cortes de tráfico polo afundimento da vía, xa se pode circular con certa normalidade. **Pax. 6**

## Denuncian problemas no Porto Chico

A Ribeira de Foz denuncia o estado no que se atopan os embarcadiros 1 e 2. **Pax. 26**

## A Deputación reclama axudas polo temporal

Aprobou en Pleno solicitar á Xunta apoio para os damnificados polas inundacións. **Pax. 27**

## Teatro Pastor Díaz



Lista a programación destes meses e que terá música, danza e teatro. **Pax. 13**

## Grandes espectáculos



*El Barbero de Sevilla*, e *El Musical de los 80s y 90s*, estarán en Burela. **Pax. 15**

## Epicentro da gandaría



O Valadouro contará este mes con diferentes actividades gandeiras. **Pax. 18**

### TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

## REBAIXAS 50%

Aforra  
198€!

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB

# 22€ /mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!



adamo  
A mega fibra

Chama gratis ao  
900 651 679

Visítanos en  
adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 10/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Preço final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 €, (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. LÍMITOS ADICIONAIS LIMITADOS A UN MÁXIMO DE 4 POR CLIENTE.



## A FONDO

# A comarca énchese de cor e música

Chega febreiro e con el a primeira gran festa do ano, que une a toda a veciñanza ao son de comparsas e diversión



Diferentes momentos do Entroido no Valadouro, Viveiro e Burela

O Entroido vívese intensamente na Mariña lucense no que grandes e pequenos celebran esta festa que preparan con meses de antelación.

Este ano, o martes de Entroido será o 21 de febreiro, unha data escollida por 51 concellos en toda Galicia como festivo local, e rematará o sábado 4 de marzo. Dentro desta gran festividade destacan uns máis ca outros, aínda que a diversión e colorido é igual en todos os recunchos da comarca. Quizás o Entroido de Foz, que conta co seu enorme desfile onde adoitan participar milleiros de persoas é un dos que máis destaca ademais de por ser o primeiro en celebrarse. Despois a troula continúa co día do Enterro da Sardiña, e o famoso Domingo de Piñata de Lourenzá. Durante estas datas os bailes e os desfiles estarán presentes en todas as localidades mariñás nas que os grupos e carrozas rivalizan ao son das comparsas e charangas, e as peñas preparan as súas vestimentas e coreografías á es-

pera do gran desfile.

Ano tras ano demóstrase o arraigamento desta celebración e o empeño dos veciños, que realizan grandes esforzos para incrementar a calidade dos actos, premios e outras actividades que enriquecen os eventos, e que fai que o número de visitantes e participantes aumente.

Así, xa se coñecen os detalles da gran maioría dos programas do Entroido cuxos eventos contan cun sen fin de actividades e con grandes premios para alimentar as ganas de festa e diversión.

O Entroido de **Foz** é unha das grandes festas da Mariña, o ano pasado cumpriu 40 anos, e por iso quere ser declarado como Festa de Interese Turístico Galego. Este ano a raíña é Uxía Valmayor Forés, que resultou ser a elixida nunha gala que se celebrou en outubro. A gañadora pertence á comparsa Sin Xeito, e xunto a elixida presentáronse outras dúas candidatas, Icíá Fernández Gómez, da comparsa As Farangullas, e Lucía López Lombardero,

da comparsa Maloserá. Elas levarán o nome de Foz por todos os entroidos da comarca.

**Viveiro** tamén volverá rir co seu tradicional Certame de Alpuxarradas no que toda a veciñanza repasa con humor os problemas da actualidade tanto local como nacional.

Xa en **Ribadeo**, o máis tradicional é o Domingo lardeiro, no que sairá a comparsa do cocheo, acompañada de charangas, de gaitas e de máscaras. E rematará coa Queima con fogos artificiais.

E **Xove** terá ademais do gran desfile, un baile infantil e o seu tradicional concurso de caretas.

Ademais dos sete entroidos galegos declarados de interese turístico, hai outros que tamén destacan polo seu ambiente, polos seus rituais ou polas súas máscaras e personaxes. Neste caso **Lourenzá** é coñecida polo seu Domingo de Piñata, e que se celebra o primeiro domingo despois do Martes de Entroido, é dicir, o domingo 26 de febreiro.

A festa recupera desde os anos

90 unha tradición que se remonta a principios do século XX, cando os bailes e celebracións do Martes e en especial do Domingo de Piñata fixéronse famosos en toda A Mariña. Hoxe é outra das celebracións máis esperadas polo seu impresionante desfile de carrozas. Hai comparsas, charangas e tamén, e ese é un dos seus grandes atractivos, unha xenerosa entrega de premios en diferentes categorías. Nel, a xente tómasa a diversión moi en serio, así que os disfraces son sinxelamente impresionantes.

En **Barreiros** tamén contan cuns tradicionais personaxes, os Cabezudos e os Xigantes, que percorren as rúas animando á veciñanza.

Na **Pontenova**, contarán cunha divertida festa de disfraces nocturna e que comeza cunha ruta das tapas para ir quecendo motores.

Xa por último, chega o de **Trabada**, que pecha o círculo de entroido, e está organizado pola Asociación O Picato. Este desfile no

que adoitan participar centos de persoas pon punto é final a unha das festas máis senlleiras na comarca.

O único que se lle pode dicir a un visitante é: vai coñecelo, víveo e que non cho conten!.

## DESFILES

Os desfiles son os eventos máis esperados destas datas e, por orde cronolóxico serán:

- Venres 17 en Vegadeo, barrio dos Muíños de Mondoñedo.
- Sábado 18 en Xove, A Pontenova e Foz.
- Luns 20 será en Alfoz, Bravos, ANPA Juan Rey de Lourenzá.
- Martes 21 en Viveiro, Ribadeo e Riotorto.
- Venres 24 será en Barreiros.
- Sábado 25 no Vicedo e Mondoñedo.
- Domingo 26 en Lourenzá.
- Sábado 4 en Trabada.



NOSOTROS ELEGIMOS  
LA TIERRA



## COMPARSA SIN XEITO - FOZ

## “O noso obxectivo é desfrutar moitos anos máis da mellor festa de todas”



Judit Fernández, representante e unha das fundadoras da Comparsa Sin Xeito.

### Que é a Comparsa Sin Xeito?

A Comparsa Sin Xeito é unha agrupación creada por xente carnaveira para facer desfrutar do Entroido focense nun principio, e dende fai moitos anos, tamén fóra de Foz.

### Quen forma a directiva?

A directiva está formada neste momento por seis integrantes sen que haxa cargos diferenciados. Ó longo destes anos foise cambiando a xente, para poder descansar uns e dar paso a outros.

### Cantos membros son?

Para o 2023 somos 84 integrantes, isto tamén varía cada ano e no 2016 chegamos a alcanzar os 104 membros.

### Como e cando naceu Sin Xeito?

Sin Xeito celebrará no próximo desfile as súas vodas de prata como comparsa...naceu hai 25 anos en Foz, cando un grupo que levaba o mesmo nome decidiu aumentar en número e cambiar de aires, aprender algo de música e baile e crear a que foi a primeira comparsa focense tal e como se coñecen hoxe en día.

### Que actividades fan?

Participamos en todos cantos actos se organizan no noso pobo con respecto ó Entroido, sendo o día principal o sábado do desfile, para o que ensaiamos varios meses antes. Tamén participamos en desfiles de pobos veciños e algunha vez non tan veciños, xa que no 2020 por primeira vez saímos de España e fomos ata Arcos de Valdevez, en Portugal.

### Cales son as máis representativas?

O noso día máis importante, como xa dixen, é o sábado, día no que estreamos traxe e onde poñemos en práctica todo o ensaiado. Pero tamén participamos nas coplas, na queima... e nos actos de elección e coroación da raíña, que este ano serán especiais, xa que celebraremos o aniversario cunha raíña Sin Xeito. Uxía, que naceu na comparsa cumpriu o seu soño e será a representante do Entroido focense este ano. Toda a comparsa está orgullosísima e moi feliz por ela, e desexámoslle o mellor dos reinados.

### Contan con apoio municipal para as actividades?

Os membros da comparsa son os que se fan cargo do gasto económico. Dende o Concello axúdanos cedéndonos algún local para ensaios e reunións, e neste sentido tamén temos que agradecer á Asoc-

ciación de Veciños de Santa Cilla que nos ceda o seu local.

### Que necesidades ten Sin Xeito?

A única necesidade que ten Sin Xeito é que o entroido de Foz siga medrando e siga sendo por sempre o mellor Entroido do Mundo.

### Que é o máis importante que conseguiu a comparsa?

O máis importante que conseguimos é, sen dúbida algunha, seguir despois de tantos anos. O Entroido danos moitas alegrías e regálanos incluso amigos para sempre... pero tamén é certo que implica moito esforzo e traballo, polo que manter un grupo tan numeroso durante 25 anos supón un orgullo importante para moitas de nós.

### Novos proxectos de cara ao futuro?

En canto a incorporar membros temos que dicir que con moita pena non podemos incorporar a toda a xente que quixera. É unha cuestión de loxística, segundo vai aumentando o número tamén aumentan as dificultades para conseguir provedores ou modistas por exemplo. Así que neste momento estamos incorporando practicamente só percusionistas, xa que a nosa intención é ter unha batería de percusión ampla e con variedade de instrumentos.

## O MELLOR DE CADA CASA - BURELA

## “O deseño xa está pensado dende o verán”



Rubén é un dos membros da asociación burelesa O mellor de cada casa.

### Quen forma a directiva da comparsa?

Eu son o secretario da asociación e nela formamos parte arredor dunhas 20 persoas. Malia que despois no desfile vamos 12 pois non a todo o mundo lle gusta desfilar. Pero todos somos importantes e traballamos xuntos para preparar o Entroido, aínda que non todos sexan caras visibles nos desfiles.

### Canto tempo leva funcionando?

Pois este ano facemos o noso 20 aniversario. Comezou sendo un grupo moi grande e importante na comarca e co tempo foi evolucionando. Ao principio tiñan instrumentos reais, o que o fixo único na zona, e logo mudaron pola música indirecta. Como todo cambio e evolución ten a súa parte moi positiva pois agora centrámonos moito no disfraz e en variar cada ano a nosa vestimenta.

### Contan con apoio municipal para as actividades?

Si. Gústanos destacar a colaboración que fai con nós o Concello de Burela, así como fai con outras asociacións do concello, tanto en instalacións, pois estamos usando locais municipais da praza antiga de abastos, coma en outros apoios que nos prestan.

### Con canta antelación comezan os preparativos?

Pois case sempre unha vez remata o Entroido que está en curso, xa nos poñemos mans á obra coa preparación do seguinte, pois son moitas elaboracións, conseguir material, coser, etc. De feito para este ano 2023 o deseño xa está pensado dende o verán e agora mesmo estamos inmersos na elaboración dos ‘atrezos’ que levaremos e ultimando os detalles dos disfraces.

### Como ou cando comeza?

Pois nós comezamos indo ao desfile de Foz, o máis representativo ou máis potente da Mariña, que será o sábado 18 de febreiro. E despois imos visitando o resto dos Entroidos, ao final facemos unha media de 8 ou 10 desfiles dependendo da climatoloxía e da xente.

### De que disfraces tedes un lembranza especial?

Pois no meu caso a lembranza especial é do último Entroido, o do 2020, pois pouco tempo despois foi a corentena pola covid. Porque xa van 3 anos sen que participemos.

### Cal é súa parte favorita desta festa?

Eu creo que a parte favorita de calquera comparsa é o desfile polo ambiente que se crea, polo ben que se pasa, por que levas meses traballando para ese día, etc.

**Ortegal Oil**



www.ortegaloil.es



Ortegal Oil

**¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?**

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE **MINISTRO DE COMBUSTIBLE** PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

**¡-5 CÉNTIMOS POR LITRO CON EL CARNÉ DE MINISTRO!**





## RAÍÑA DO ENTROIDO - FOZ

## “É un privilexio e unha responsabilidade”

**Foi elixida a Raiña Entroido de Foz. Como se sente?**

Levo esperando este momento toda a miña vida, é algo co que soñei moitas veces e aínda non o asimilei ao 100%. Páranme pola rúa para darme os parabéns, doulles as grazas e chego a casa é penso, “meu deus, non pode ser verdade”.

**É unha honra, non? Como se preparará para este acto?**

Sen dúbida é unha honra, é un privilexio e unha responsabilidade moi grande representar o que para min é o mellor Entroido do mundo, e sobre todo polo significado que ten. Saír elixida este ano, que a miña comparsa estea de 25º aniversario e que fose no polideportivo, no Campo da Cabana, onde me criei, fíxoo máis especial aínda. Non puideron conter a emoción e sei que as emocións van estar a flor de pel, pero teño moitas ganas, ilusión e moi-



tos nervios porque quero estar á altura e representar como se merece a todos os que facemos do Entroido de Foz, o mellor.

**Agora toca desfrutar, non?**

Claro que si, e de cada momento xunto coas miñas damas Iria e Carla. Xa falamos coa comisión, coa costureira, coa xente que me axuda no deseño, miramos telas, maquillaxes, etc. Houbo e hai moito que facer. Sen dúbida é a conta atrás máis especial e esperada.

## ACD AS MINAS - A PONTENOVA

## “A nosa festa caracterízase por contar cun ambiente moi familiar”

Luis Miguel Rivas é o presidente da Asociación Cultural e Deportiva As Minas da Pontenova.

**Algunha lembranza de todos estes anos?**

Pois é que xa van moitos entroidos e todos os anos xurde algunha. Houbo moitos nos que participaron moitísimas charangas polo que había moita xente pola vila e incluso houbo que facelo fora do local das sociedades, tamén hai anécdotas de xente que esquece recoller o premio, ou algunha ocasión na que deron o importe do premio na barra para que fóramos descontando das consumicións.

**Hai moitos premios este ano?**

Este ano repartimos 850 euros repartidos nas categorías de grupos, parellas e individual. O xurado que valora estes premios está composto por cinco membros da comparsa da Pontenova Medo me dais.

**Que aspectos valorarán?**

O xurado valora a orixinalidade, o deseño e a estética, a coreografía e a popularidade como simpatía durante toda a festa e non só na actuación.

**Que caracteriza esta festa?**

Pois a nosa festa caracterízase por ser un Entroido feito para ser moi familiar e que gracias a iso puidemos adaptarnos un pouco ao tempo da pandemia. Por exemplo, o ano pasado foi un pouco máis pequeno e fixemos pequenas festas en cada local da hostalaría pontenovesa.

**Que se espera deste ano?**

Este ano, a celebración será o sábado 18, e esperamos que volva a afluencia de xente pois a nosa festa é pola noite. Comeza as 20.00 horas con ruta de tapas polos bares do pobo, logo as 23.30 será a festa cun DJ no local das sociedades.

**Porque é pola noite?**

Case sempre adoitamos celebralo o mesmo día que o de Foz. É nós non podemos competir co seu desfile, polo que decidimos deixar a festa de día e da tarde para eles, e así pola noite pode asistir moita máis xente ao noso.

## OS MACANUDOS - BARREIROS

## “Contaremos coa axuda dos Cabezudos e Xigantes que animarán o percorrido”



O Entroido de Barreiros está organizado polo Concello, malia que os grupos Macanudos e Habelas Hainas sempre colaboraron con el.

**Canto tempo levan organizado o Entroido?**

Levamos arredor duns cinco anos. E desde que se creou o grupo Habelas Hainas, somos as dúas entidades as que compartimos esta organización.

**Algunha novidade?**

Si. Este ano uniuse a comisión de festas de San Bartolo.

**Contan xa con programa?**

O desfile será o venres 24 e sairá

dende o Concello para rematar no centro social. Xa pola noite, previsiblemente, haberá unha cea e un baile no pavillón.

**Haberá sorteo?**

Durante a cea adoita haber un sorteo de cesta de produtos típicos aportados polos comerciantes

**Cantas categorías hai?**

Hai as de comparsas, grupos, parellas, infantil parella e grupo. Para participar será necesario anotarse no Concello.

**Que destaca do Entroido?**

O noso Entroido destaca por si un percorrido curto e ademais é pola noite. Tamén contamos con seis

Cabezudos e dous Xigantes que animan a ruta, malia que faga mal tempo pois os Xigantes non poden saír.

**Que son os Cabezudos e Xigantes?**

Son unhas figuras que saen durante a festa e representan a un pallaso, un home e unha señora maior, un licenciado e un mariñeiro e foron creadas polos veciños do concello baixo as ordes do artista Juan Puchades.

**Algunha lembranza especial?**

Eu creo que para todos os veciños foi un momento moi especial o de volver ver os Xigantes e os Cabezudos polas rúas, despois de ser restaurados no 2021.

## COMISIÓN DE FESTAS - O VICEDO

## “Lanzaremos foguetes para marcar o comezo”

Jorge é un dos membros da comisión de festas do Vicedo.

**Que prezo teñen as rifas?**

Unha rifa custa 2 euros, pero hai un prezo especial de 5 euros por 3 rifas. Todo elo pensando para que esta recadación axude a sufragar estes gastos.

**Que teñen preparado para o Entroido deste ano?**

Pois a xornada festiva, que será o sábado 25 de febreiro, comezará ás 10.00 horas lanzando foguetes para que a veciñanza saiba que empeza a festa. Xa pola tarde facemos unha festa infantil que comezará ás 17.00 horas e que conta con inchables e na que adoita participar o APA do colexio.

**Tamén haberá desfile, non?**

Si, será máis tarde arredor das 21.00 horas, cando comezará o desfile dos cativos e ás 22.30 horas será a gran verbena na que contaremos con Disco Móvil Eventec e o dúo Dvicio. E tamén será o desfile dos maiores sobre ás 23.00 horas.

**E o sorteo da cesta?**

Durante o descanso da disco móbil e o dúo farase o sorteo dunha gran cesta, que está elaborada con produtos locais e na que participan os autónomos e locais de hostalaría do Vicedo. Xa por último á 1.00 lanzaranse fogos de artificio.

**Teñen algunha lembranza especial do Entroido?**

Si, pero xa non como lembranza senón como anécdota, pois é que todos os anos cae do escenario algún membro da comisión, gracias a dios sen resultados graves. Veremos a quen lle toca este ano.



O PICATO - TRABADA

# “Contaremos con 3.000 euros en premios”



Antía é membro e presidenta da asociación O Picato de Trabada.

**Quen organiza o Entroido?**

Aínda que na asociación somos bastantes socios, o Entroido tan so o organizamos os dez membros da directiva.

**Fai pouco buscaban cartel anunciador da festa.**

Si. O deseño de Adriana foi o escollido polo xurado para representar a festa.

**Xa se sabe o programa do Entroido?**

Xa temos todo pechado. O desfile, que será o 4 de marzo ás 18.00, contará con premios valorados en 3.000 euros repartidos en todas as categorías.

**Haberá postos para xantar?**

Contaremos coa Pulpería Mario de Viveiro e no relativo á música, os encargados de amenizar a festa son o Grupo La Bamba e o DJ trabadense The Sound Project.

**Haberá algunha rifa ou cesta de regalo?**

Si. Durante todo o sábado venderemos rifas para o sorteo de tres

cestas con produtos típicos destas datas aportados polos veciños do concello.

**Haberá novidades?**

Pois como novidade é a forma de inscrición que este ano se fai a través do correo da asociación [asociacionculturalopicato@gmail.com](mailto:asociacionculturalopicato@gmail.com). Os participantes terán que enviar a categoría, o nome co que desfilan, cantos integrantes son, un nome e número de teléfono, a música que van levar e a súa procedencia.

**Cantas categorías hai?**

Contamos con 9 categorías. Comparsas, charangas, grupos, individual, grupos infantís e infantil individual, socios, carrozas e parellas.

**Como se sufraga este evento?**

A meirande parte é cunha achega do Concello e o resto é unha aportación da asociación.

**Teñen algunha lembranza especial do Entroido?**

Quizás o que máis lembro foi o do 2020 pois era o meu primeiro ano como presidenta. O Entroido foi o 7 de marzo e catro días despois pecháronnos pola pandemia da covid.

ACIAL - LOURENZÁ

# “Os rapaces preparan dúas carrozas espectaculares, animan e fan rir”

Javier é o presidente da Asociación de Comerciantes de Lourenzá.

**Canto tempo levan organizado o Entroido?**

Pois xa van bastantes anos á fronte do Domingo de Piñata, que é a insignia laurentina, e ademais desta festa organizamos outras actividades durante todo o ano.

**Como se fai fronte economicamente a esta festa?**

Pois para poder realizala durante todo o ano facemos outras actividades como son a venda de lotaría de Nadal e Reis, karaokes, bingos, unha cea polo San Xoán, etc. E por suposto contamos cunha achega por parte do Concello para os premios do desfile.

**Que é o máis importante do Entroido en Lourenzá?**

Pois para nós o evento máis importante e tradicional é o Domingo de Piñata, que é un desfile multitudinario e con participación de comparsas de toda a Mariña, unhas 10, o que fai que a vila se encha de xente.

**Isto supón un revulsivo económico.**

Si claro. Ademais ao ser un dos últimos Entroidos e os grandes premios que se reparten sempre atrae moitísima xente polo que a hostalaría laurentina está moi contenta.

**Hai moitos premios?**

Pois adoitamos repartir arredor



de 5.500 e 6.000 euros en premio.

**En que consiste o Domingo de Piñata?**

É un desfile que sae do recinto feiral e percorre todas as rúas de Lourenzá, e este ano será o domingo 26 de febreiro.

**Como se participa?**

Normalmente a xente inscríbese durante toda a mañá do propio domingo ou previa chamada ou mensaxe, e sempre antes das 15.00 horas. Durante todo o día hai postos de comida e bebida no recinto feiral para animar á xente e ila poñendo en situación. Adoita haber unha media de entre 100 e 120 persoas para as comidas.

**E o desfile?**

O desfile comezará ás 16.30 horas e remata sobre ás 19.30 máis ou menos, e unha vez que finalice sempre hai unha orquestra para que a xente baile e desfrute dos petiscos mentres se fai a espera ata a entrega de premios.

**Algunha lembranza especial?**

Por suposto. Todos os anos hai dous grupos de rapaces de veteranos e mozos que preparan dúas carrozas e que son espectaculares, pola súa realización e polo seu humor. Ademais saen de últimos e a xente está esperando a que cheguen porque sempre fan un espectáculo digno de ver. Cada ano fan unha historia diferente e animan e fan rir a todos.

Tenemos lo que necesitas para **AMUEBLAR y DECORAR tu hogar**

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Ind. Cruz do Lobo  
Nave 10  
Tels.: 982 585 709  
652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954



# A MARIÑA

## Os traballadores de Alcoa votan retrasar o rearranque da produción de aluminio



Rematou a xornada de votación na fábrica de Alcoa en Cervo, que se desenvolveu sen ningunha incidencia e “cunha alta participación do 78,4%”, segundo o presidente do comité de empresa, José Antonio Zan.

Os traballadores pronunciáronse cun si ante a pregunta de aceptar a última proposta de Alcoa á modificación do acordo de decembro de 2021, polo que se parou a actividade na planta co compromiso de rearranque en 2024.

Antes da votación os sindicatos, CC.OO. e UXT, explicitaron aos traballadores que a súa postura era a favor do si, mentres a CIG avogaba polo non.

**REARRANQUE.** A multinacional estadounidense presentou ao comité a súa proposta na que actualiza o acordo da fábrica de Aluminio modificando o programa de rearranque e que prevé ter o 100% das cubas activas en outubro de 2025, cando no

orixinal era en xuño de 2024. Na súa oferta propuña dilatar o arranque total da factoría comezando cunhas 32 cubas que deben estar operativas o 1 de abril de 2024. “Durante este período, o funcionamento sería o maior de dúas opcións: 32 cubas ou o número de cubas que poidan manterse mediante os acordos de compra de enerxía (PPAs), ata o momento en que poñan en funcionamento a totalidade das cubas. Desde o 1 de outubro de 2025, a produción mínima será o 75 % da capacidade de produción total de 228.000 toneladas ao ano ata finais do seguinte exercicio”, dixeran dende Alcoa.

Así, Alcoa comprométese a non iniciar expedientes de regulación de emprego na planta de Aluminio ata o 31 de decembro de 2026, un ano máis que no prazo comprometido no acordo. A cambio, pide aos sindicatos paz social ata ese mesmo día.

## Aberto un segundo carril de circulación na estrada N-642



O Mitma abriu un segundo carril de circulación na estrada N-642 onde a mediados de xaneiro se produciu un afundimento na vía provocado pola formación dunha balsa de auga derivado dos episodios de intensas choivas.

O socavón respondeu ao embalsamento de auga no punto quilométrico 42.3, coincidindo cun dos enlaces de acceso a Burela e no que toda a capacidade de achique da AXEGA (bomba de achique de gran caudal e semirremolque de achique, dotado con 16 bombas), foi desprazada polos membros do Grupo de Apoio Loxístico (GALI), que colaboraron desde as primeiras horas nas tarefas de alivio da presión da auga sobre a estrada N-642 e seguiron ata retirar toda a auga acumulada.

O obxectivo deste segundo carril consistiu na eliminación do semá-

foro que regulaba o paso para así evitar retencións de tráfico nas horas puntas, pois é unha estrada que dá acceso ao Hospital da Costa e na que transitan moitos vehículos da Mariña. Nos últimos días varios operarios estiveron limpando a zona de desaugadoiro e agora están a traballar nunha solución que evite a repetición do problema cando acontezan intensas chuvias.

**TREN.** A este corte sumouse a suspensión da circulación ferroviaria por “perigo de desprendemento” da estrada cortada, que discorre en paralelo á vía do tren. Así, Adif informou que nestes momentos atópase suspendida a circulación entre Burela e Ribadeo (Liña de ancho métrico Oviedo-Ferrol) por “perigo de desprendemento por derrube de estrada próxima á vía”.

**PARLAMENTO.** O BNG rexistrou no Congreso iniciativas para que o Ministerio de Transportes realice, o máis axiña posible, as obras na N-642 que permitan reabrir o tráfico rodado con normalidade, así como establecer un trazado alternativo mentres duren as obras. O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, urxe reforzar e mellorar a oferta de transporte ferroviario na comarca, cando menos mentres se manteña pechada a infraestrutura e demanda un plan de vixilancia e mantemento adecuado na rede de estradas dependentes da Administración Xeral do Estado. Alén do máis, a fronte nacionalista exige impulsar o inicio das obras da futura A-74, unha infraestrutura imprescindible para o futuro desenvolvemento social e económico da comarca.

## Barreiros e Ribadeo piden información no caso de ataques de lobos na zona

O Concello de Barreiros e o de Ribadeo veñen de dirixir un escrito á Consellaría de Medio Ambiente para solicitar do departamento autonómico que envíe persoal do mesmo ao municipio para celebrar unha reunión coa veciñanza na que se informe sobre as medidas a adoptar no caso de ataques de lobos.

Ante a proliferación de ataques a gando nas últimas semanas e vendo o desconcerto existente entre a poboación, os alcaldes, Ana Ermida e Fernando Suárez, dirixiron un escrito á Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e á Xefatura Territo-



rial en Lugo no que trasladan a existencia de ataques de lobo nos municipios e o desconcerto da poboación, xa que “esta situación, moi habitual noutras zonas do país, é novidosa e excepcional ata este momento no caso do noso municipio. E máis, por-

que a zona onde se teñen producido estas actuacións é a zona costeira, amplamente habitada e urbanizada. Porén, parece confirmada a existencia deste animal nas proximidades e, no mesmo sentido, a autoría dos ataques por dita especie.”

Por isto veñen de cursar un convite para asistir a unha reunión coa veciñanza na que poidan resolver dúbidas e a Xunta de Galicia poida explicar de xeito fidedigno a situación e modo de actuar, así como recoller as inquedanzas e/ou resolver dúbidas da veciñanza en xeral e das persoas afectadas.

**Belleza**  
SIEMPRE, EL MEJOR REGALO  
ACIERTA CON LAS TARJETAS REGALO DE SKEYNDOR

ESTE SAN VALENTÍN REGALA BELLEZA

SKEYNDOR

Dermoterapia  
Centro de Estética

Foz  
Cita Previa:  
664 527 486





# Fontelo Novias

NADIE CUIDA MÁS TU IMAGEN

ATELIER PROPIO - LINEA SARTORIAL A MEDIDA

• NUEVA COLECCIÓN 2023 •

[www.fontelonovias.com](http://www.fontelonovias.com)

OBISPO AGUIRRE, 1  
Teléfono 982 253 376 • L U G O





## As plantacións de patacas en Cervo, Vicedo, Viveiro e Xove deben declararse

Dende a Oficina Agraria Comarcal de Viveiro, poñen no coñecemento dos veciños con plantacións de patacas, que deben declaralas.

Esta norma é efectiva nos concellos de Cervo, O Vicedo, Viveiro e Xove e debe realizarse antes do 1 de abril. Así mesmo, lémbrese que no Concello de Burela segue estando prohibido plantar.

Os veciños de Xove que queiran plantar patacas poden solicitarlo tamén na Delegación de Agrícola do Concello, con Dolores ou Belén.

Este trámite faise para a declaración de cultivo no que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se



implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de co-rentena *Tecia solanivora* polvny ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia.

## A maioría dos premios do certame de debuxo do Belén de Begonte recaeron na Mariña

O xurado do XLVII Certame de Debuxo Infantil de Nadal, convocado polo centro cultural José Domínguez Guizán dentro da programación do Belén de Begonte, fixo públicos os premios deste ano, que corresponderon nunha gran maioría a centros da Mariña, ademais de Begonte.

Na categoría de menores de dez anos os primeiros premios foron para Carla González Rivas, de 9 anos e de O Cantel de Foz; Iria Parga Piñeiro, do Virxe Do Corpiño de Begonte e Xana Fraga Barcía (8 anos) tamén do Cantel. Os segundos foron para Noa García González do Cantel, Andrea Pereira Lópe, do Virxe do Corpiño de Begonte; Antonio Maseda Díaz, do Ceip Número 1 de Foz; Catalina Aguado Cobas, do Ceip O Cantel e Kenya Louças da Costa, do Número 1 de Foz.

Na categoría B, de 11 a 15 anos, os primeiros premios foron para Alba Torres López, de 14 anos, do IES Vilar Ponte de Viveiro; Emma Pedreira Bouza, de 13 e do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo e Miguel Fra Baltar, de 15 anos e do IES Illa de Sarón de Xove. Os segundos premios foron para María Paz Ares, de 14 anos e do IES Vilar Ponte de Viveiro; Carlota Rodríguez Sánchez, tamén de 14 anos e do mesmo centro; Yeray Fontela Díaz con 11 anos e alumno do Virxe do Corpiño de Begonte; Sara López Cora de 15 anos e do IES Vilar Ponte de Viveiro e Nerea Fraga Pértiga, con 13 anos e alumna no IES Dionisio Gamallo de Ribadeo.

## Nace Modepen A Mariña, para defender as pensións da comarca

Un grupo de pensionista da Mariña, máis concretamente de Ribadeo, Lourenza, Mondoñedo, Foz e Barreiros, decidiron integrarse no Movemento Galego pola Defensa das Pensions e os Servizos Públicos ou Modepen, nacente así Modepen A Mariña.

Este grupo creouse e legalizouse a principios do 2016 para mobilizarse ininterrompidamente na defensa das pensións e os servizos públicos, participando e apoiando a outros colectivos sociais como Sanidade, Educación, Atención a Dependencia, etc.

“Como consecuencia das reformas sobre pensións do 2011 e 2013, dos gobernos de Zapatero e Rajoy, claramente encamiñadas a devaluar o sistema público de pensións coa intención de favorecer plans de pensións pri-



vados para beneficio da banca e aseguradoras, e sobre todo coa aprobación polo Goberno de Rajoy de subir as pensións o 0,25% a partir do 2015, xerouse unha fonda preocupación pola perda de poder adquisitivo”, din dende o novo colectivo.

“Dada a situación de deterioro a

que estaba sometendo o sistema público de pensións, un dos dereitos históricos máis sensibles e necesarios para as familias traballadoras, tanto por conta allea como autónomos, en 2015 un grupo de pensionistas de Pontevedra e Vigo decidiron crear a plataforma”, engaden.

## Veciños únense en contra do desmantelamento da sanidade pública



A veciñanza da Mariña uniuse en apoio á manifestación convocada pola Plataforma Sanitaria da Mariña baixo o lema *Contra o desmantelamento da sanidade pública* e que saíu do Hospital da Mariña e percorreu as principais rúas da localidade.

Así esta mobilización que rematou a súa andaina na praza do Concello puxo punto e final coa lectura do manifesto. Os alcaldes tamén se uniron en apoio e mandando durante os días anteriores diferentes videos de apoio advertindo da importancia da recuperación da Área Sanitaria eliminada no ano 2018 e que supuxo a recentralización dos servizos na macroárea de Lugo.

“A supresión da área sanitaria forma parte da estratexia do goberno da Xunta para ir baleirando de contido os centros sanitarios máis periféricos e rurais e capitalizar a asistencia sanitaria nas cidades á vez que se aumenta o desvío de

fondos para a sanidade privada”, dixeran dende o colectivo mariñaño. Tamén advirten da situación de emerxencia que está a vivir a Atención Primaria da Mariña, “con máis do 50% dos médicos de familia ausentes por falta de substitucións, centros de saúde sen ningún/ha facultativo e a escandalosa situación que está a vivir a pediatría de Atención Primaria, sen profesionais para atender ás crianzas e cuxas familias vense na obriga de acudir ao servizo de urxencias ou a pediatras privados, se é que teñen medios económicos”, engadiron dende a Plataforma.

Na Mariña, dende a propia plataforma, denuncian listas de espera de ata 2 ou 3 anos para consultas como cardiología, trauma, uroloxía... ou para facer unha ecografía. E tamén derivacións a Lugo para probas como densiometrías, electromiografías ou intervencións como marcapasos ou varices.

## Denuncian a afectación dunha canteira no Camiño de Santiago Norte



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia conxuntamente coa Asociación Socio Cultural Mariña Patrimonio veñen de solicitar no Comité Español do Icomos (Consello Internacional de Monumentos e Sítios da Unesco) que abra unha investigación e se pronuncie sobre como afecta ao Camiño de Santiago do Norte os labores que a empresa Canteras Santa Cecilia ten realizado dentro do Territorio histórico do Camiño de Santiago e como lle vai afectar a este ben, Patrimonio da Humanidade, a futura ampliación da canteira do Monte da Trindade. O Monte da Trindade atópase entre a parroquia de Vilamor, en Mondoñedo, e o lugar de Arroxo, en Lourenzá, onde están catalogados e, teoricamente, protexidos o Castro de Flores, o Castro da Trindade e o Camiño de Santiago.

“No ano 2008 un veciño de Mondoñedo denunciou perante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) danos no castro da Trindade

por mor dos labores mineiros que se estaban realizando ilegalmente nesta zona protexida”, din dende os colectivos, “en 2016, a Asociación de Fabricantes de Hormigón Preparado (ANEFHP) denunciou posibles danos ocasionados pola canteira noutra xacemento catalogado, o Castro de Flores. E no mesmo ano Canteras Santa Cecilia presentou un proxecto de expansión da canteira que afecta directamente os castros da Trindade e Flores así como o Territorio histórico do Camiño de Santiago”.

En febreiro de 2017 cando Adegas e Mariña Patrimonio denunciaron os posibles danos da canteira no Castro da Trindade e levaron á Fiscalía o intento de descatalogación dos bens patrimoniais no Monte da Trindade. Cómpre sinalar que en febreiro de 2019 presentaron novas denuncias por movementos de terras, e en 2020 pola construción dun muro de contención por parte da empresa que explota a canteira.



# XLI ENTROIDO FOZ 2023



## Do 16 ao 28 de FEBREIRO

Na Sala de Exposicións do CENIMA  
**EXPOSICIÓN DE ENTROIDO**  
este ano adicada a **TOUPORROUTOU TEATRO**

### Sábado, 11 de FEBREIRO

As 13:00 h. actuación de "charangas e comparsas"  
polas rúas da vila.

As 22:00 h. na Sala Bahía de Foz

**CEA DE COROACIÓN  
DA RAÍÑA DO ENTROIDO**  
DISCO-MÓBIL PUZZLE ANIMACIÓN e LITAINER

### Xoves, 16 de FEBREIRO

As 19:00 h. Na Sala de Exposicións do CENIMA  
**INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE ENTROIDO**  
este ano adicada a **TOUPORROUTOU TEATRO**

**XOVES DE COMADRES**  
As 21:30 h. na Sala Bahía  
**CEA-BAILE DE COMADRES**  
Con **ACTUACIÓN MUSICAL**

Organiza: AFAMMER e ASOCIACIÓN AMAS DE CASA DE FOZ

### Venres, 17 de febreiro

As 20:00 h. na Sala Bahía

**PREGÓN DO ENTROIDO 2023**  
a cargo de **TOUPORROUTOU TEATRO**

As 20:30 h. na Sala Bahía **CONCURSO de COPLAS**

### Sábado, 18 de febreiro

As 10:00 h. Chupinazo.

As 12:00 h. Actuación de **Charanga de Carmiña  
e Bateria do Cariño**, polas rúas da vila.

As 15:30 h. Apertura do graderío.

As 17:00 h. **XLI DESFILE DO ENTROIDO**  
- Máis de 8000 € en premios -

Ao remate, todos/as os/as participantes poderán  
disfrutar dunha **CHOCOLATADA**

As 23:00 h. **GRAN BAILE** na sala Bahía cos Grupos:  
**BOMBA e LOS COLEGUITAS**

## Domingo, 19 de febreiro

### DÍA INFANTIL

As 17:00 h. na sala Bahía

**BAILE INFANTIL co  
SHOW DAS PAMISUKY**  
(Espectáculo infantil).

*Inchables e Obradoiros Infantís.*

As 20:30 h. no Salón de Actos do Colexio Martínez Otero

### TOUPORROUTOU

Organizado pola Asociación "Pomba do Arco".

## Luns, 20 de febreiro

### DÍA DO ENTROIDO

As 23:00 h. na sala Bahía

**Tradicional BAILE DO FAROLILLO**  
Coa actuación da Orquestra:

**OLYMPUS  
e DJ LITAINER**

## Martes, 21 de febreiro

As 17:00 h. na Sala Bahía

### GRAN BAILE INFANTIL

Organizado pola Asociación de Amas de Casa "Virxe do Carme" de Foz

e amenizado por unha **DISCO MÓBIL INFANTIL**

*Inchables, globoflexia e pintacaras*

## Venres, 24 de febreiro

### QUEIMA DO ENTROIDO

As 22:00 h. Saída da comitiva fúnebre desde o  
Campo da Cabana e Queima do Entroido.

ORGANIZAN:

COLABORA:





## Traballadores do Concello reciben formación sobre desfibriladores

Traballadores do Concello están recibindo formación sobre a utilización correcta dos desfibriladores.

O ente local traballa na prevención e na saúde das súas veciñas e veciños. Por iso estanse a impartir unha serie de cursos certificados para dotar das capacidades necesarias en primeiros auxilios e o uso correcto dos dispositivos DESA (desfibriladores) aos traballadores dos edificios municipais. A concelleira de Sanidade, Kathy Navarro, explica que “é moi importante que os traballadores coñezan o uso correcto dos desfibriladores. Actualmente temos cinco no Concello (nos coches da Policía Local e do 061, no Pavillón Torques de Marzán, no Cenima e en Servizos Sociais). A idea é seguir instalando máis dispositivos DESA e continuar formando ao persoal.” Nas próximas semanas tamén se impartirán cursos de primeiros auxilios e sobre o uso correcto do desfibrilador ao alumnado de 3º e 4º da ESO do IES de Foz.

# Volve o Entroido con moitas actividades

Comparsas e charangas amenizarán as actividades que comezarán coa cea de coroación

A asociación O Noso Foz e o Concello seguen traballando intensamente na organización dun Entroido que se espera espectacular. O presidente de O Noso Foz, Ángel Fernández Neira, anunciou que “comezamos o día 11 coa cea de coroación, coa apertura de portas a partir das 21.00 horas na carpa situada na sala Bahía. Pola mañá comparsas e charangas de Foz amenizarán o mediodía”. Nesta edición a organización aumentou os metros cadrados de carpa dispoñibles, presentando unha disposición diferente a outros anos, cunha carpa principal con moita maior superficie.

O xoves 16 ás 19.00 horas será a inauguración da exposición do Entroido, este ano dedicada a Toupourroutou, que estará situada no Cenima. Xa a partir das 21.30 horas, na sala Bahía, Afammer e a Asociación de Amas de Casa de Foz organizan a tradicional Cea de Comadres, que contará coa actuación do grupo D’Cano.

O venres 17 ás 20.00 horas no recinto da Sala Bahía será o pre-



gón do Entroido, a cargo de Toupourroutou Teatro e co tradicional concurso de coplas a continuación.

O día grande, o sábado 18, chegará o XLI Desfile do Entroido. “Abriremos ás 10 da mañá co chupinazo e a partir das 12 contaremos coa Charanga de Carmiña e a Batería de Cariño polas rúas da vila”, comenta Ines López Couto. O desfile comezará ás 17 horas con máis de 8.000 euros en premios. Este ano

por mor das obras na rúa das casas baratas realizarase un percorrido alternativo, que baixará pola rúa Corporacións e finalizará diante da praia da Rapadoira, na que haberá unha chocolatada para os participantes do desfile. A partir das 23 horas a carpa do Bahía acollerá o gran baile do desfile, coa entrega dos premios a partir da 1.30 horas da madrugada. “Para o baile traemos os grupos Bomba e Los Coleguitas”, conta Ángel Fer-

nández.

O domingo 19 será o día infantil e a carpa estará chea de inchables e xogos para os máis pequenos. Tamén será a entrega dos premios infantís. Estará amenizado polo Show das Pamisuky. Ás 20.30 horas, como xa é tradicional, o salón de actos do Colexio Martínez Otero acollerá o Toupourroutou.

“Este ano esperamos un gran baile do farolillo, será o luns 20 de febreiro a partir das 23h no recinto do Bahía e estará amenizado pola orquestra Olympus e Dj Litainer”, explican Fátima Novo e Erea Ben, membros da comisión, que engaden: “os farolillos estarán á venda na mesma carpa. Esperamos ver moita xente facendo o plan por Foz”.

Finalmente o martes de Entroido, 21 de febreiro, a Asociación de Amas de Casa organiza o baile infantil, no recinto do Bahía con actividades e música. E o venres 24 ás 22 horas sairá do Campo da Cabana a comitiva fúnebre para a Queima do Entroido no recinto portuario.

## Organizan cursos para adultos na vila e no resto de parroquias

A Concellería de Servizos Sociais, Ana Rojo, organizou diversos cursos para adultos na vila e no resto de parroquias do municipio.

Rojo explica que “este ano ademais dos cursos de cociña, bolillos, memoria, novas tecnoloxías aplicadas ós móbiles e ximnasia de mantemento, incorporamos un taller de elaboración de xabóns ecolóxicos con fragancias e 100%

biodegradables, xabón para lavar a roupa en pastilla, para a lavadora sólido e líquido, suavizante e produtos de limpeza de sanitarios, incidindo na reciclaxe do aceite doméstico de frituras, previndo e reducindo a contaminación das augas, ademais de ser respectuosos co medio ambiente. Os cursos danse en función das preferencias veciñais”.

## O BNG pide mellorar o firme no espazo portuario

O BNG presenta unha proposta para a mellora do firme no espazo portuario de Foz, e reitera a solicitude de melloras nas instalacións e seguridade portuaria. “A contorna da explanada portuaria presenta unha pésima situación do firme e durante o pasado verán, o Goberno local instou a Portos de Galicia á súa mellora, trala evidencia das fochancas da explanada”, din os nacionalistas,

“a solución foi tapar de calquera xeito as fochancas mais 6 meses despois continuamos á espera de acondicionar debidamente este espazo”.

“A mesma situación repítese coas instalacións portuarias sen que nos orzamentos de 2022 exista partida específica para un acondicionamento moi necesario das instalacións en Tupide”, din desde o BNG.

## Inaugurada a sala multiusos Juan Queralt Blanch de San Martiño

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro de Turismo, Jose María Linares, inauguraron a sala multiusos do centro de interpretación da Basílica de San Martiño de Mondoñedo que leva o nome do artista multidisciplinar Juan Queralt Blanch, persoeiro moi recordado e querido na parroquia e moi vinculado a este lugar. Aquí pasou ós derradeiros 5 anos da súa vida, nos que dedicou a súa obra á imaxe de San Rosendo, bispo mindoniense no século X, cando a sede episcopal aínda estaba na parroquia focense.

O concelleiro de Turismo indica que “co nomeamento desta sala Juan Queralt Blanch homenaxeámolo; e para que non se esqueza o seu legado inauguramos un panel coa súa imaxe e información relevante, incluso os recortes dalgunhas das noticias que a prensa publicaba, nos que se fala da súa implicación social e a súa paixón na educación en valores e o seu interese en achegar ás xuventudes mariñáns a obra e vida de San Rosendo”.

Chema Linares engade que no lo-



cal inaugurado “hai tres paneis nos que podemos ver algunhas das fotos máis antigas sobre a Basílica, por exemplo de 1920. E nun segundo panel reproducense fotos de cando o cemiterio parroquial de San Martiño ocupaba o espazo contiguo ao adro na fachada norte, e un grupo de obreiros desmantelando o vello cemiterio no ano 1976.

Para rematar o edil de Turismo salienta que “con esta actuación, na que destacamos a colaboración de Xesús de Breogán, rematamos unha

mellora e ampliación do contido do centro de interpretación iniciada hai un ano con paneis das capelas norte e sur, dos canecillos da fachada sur e das lendas de San Gonzalo. O propio centro aporta valor a unha xoia sobre o románico como é a Basílica, que cada día é máis coñecida e recibe máis visitantes e que é necesario potenciar e conservar”.

O centro de interpretación de San Martiño pódese visitar nestes días de mércores a domingo en horario de 10.30 a 14.00 e de 16.00 a 19.00.



# A primeira área canina da Mariña estará na zona de Pico do Castro

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, reuniuse no entorno da área recreativa de Pico do Castro con membros da asociación Amigos dos Cans de Foz, que levan máis dun ano facendo uso dunha finca privada na zona do Camiño da Cadra para poder ceibar ás súas mascotas. Dentro do programa de ampliación de servizos e de recuperación de zonas verdes, o Concello está a traballar na creación da primeira área canina da Mariña no entorno do Pico do Castro. O parque canino, que se situará nas vellas instalacións de distribución de gas -xa en desuso- situadas no Pico do Castro e nun prado anexo, ambos de titularidade municipal, vén a atender a demanda da asociación e dun gran número de veciños e veciñas que solicitan un entorno seguro para que os cans poidan correr e gozar do aire libre.

A construción da área canina será levada a cabo polos alumnos de xardinería do obradoiro de em-



prego Terras do Ouro 2022, do que ademais do concello focego forman parte os municipios de Alfoz e o Valadouro. Cunha superficie de máis de 2.300 metros cadrados, peche perimetral de 1,5 metros de altura, estruturas de agility e servizos como puntos de auga adaptados ás mascotas, a área canina será a primeira das súas características na comarca da Mariña. “Imos recuperar unha zona degradada cunha inversión reducida, creando un espazo moi

demandado por aqueles que teñen no seu can a un máis da familia. O entorno do Pico do Castro ten un acceso peonil seguro despois das obras de urbanización da Costa do Castro e un estacionamento cómodo se nos achegamos con vehículo. Retirar as vellas instalacións de gas, un exemplo claro de feísmo, e a construción do primeiro parque canino da Mariña será un paso máis no Foz que estamos axudando a construír”, remata Cajoto.

## AciaFozCCA sortea 1.500 euros en vales de compra por San Valentín

AciaFozCCA sortea 1.500 en vales de compra na súa campaña de San Valentín, que ten lugar do 3 ao 14 de febreiro. O presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo, explicou que “aquelas persoas que estes días merquen nos 70 negocios que participan na campaña do día dos namorados entrarán no sorteo dos 20 premios que realizaremos o vindeiro 17 de febreiro ás 11 da mañá a través de Radio Foz”.

Paleo indicou que “son 10 vales de compra de 100 euros cada un e outros 10 vales de compra de 50 euros cada un”. E engadiu “agardamos que a xente faga as súas compras destas datas nos negocios locais, porque o comercio fai pobo”. San Valentín tamén conta en Foz cunha nova edición dos doces afrodisíacos que ofrecerán Xoyma e Amarena do 11 ao 14 de febreiro.

**BARISTAS.** AciaFozCCA colabora co IES de Foz durante o Campionato Internacional de Baristas, que se celebrará a vindeira semana. Varios establecementos hostaleiros asociados ofrecerán cafés especiais do 6 ao 12 de febreiro. Trátase de Augas Santas, Dandy, Marexada, O Muelle, Pizzería Xoíña, Tangarte e Xoyma.

## A asociación Virxe do Carme xa conta cunha nova sede



O Concello entregou as novas instalacións da asociación para persoas con minusvalía Virxe do Carme. O novo edificio, anexo á Aula de Educación Vial, está situado no peirao de Foz e conta cun gran espazo de 87 metros cadrados e un patio exterior de 300 metros cadrados para todo tipo de actividades.

O alcalde, Fran Cajoto, explicou que “o Concello de Foz cumpriu o compromiso adquirido coa asociación. Neste novo edificio, que conta cun espazo interior de 87 metros cadrados e un gran patio exterior de 300 metros cadrados, a asociación poderá desenvolver como corresponde a gran labor de integración social que está a facer con persoas con minusvalía psíquica”.

O Concello de Foz investiu máis de 52.000 euros de fondos propios na construción do edificio e no peche do patio exterior, creando un espazo con moita luz natural,

climatizado con estufa de pellets e que se encontra adaptado para persoas con mobilidade reducida, en primeira liña da Ría de Foz. Esas instalacións veñen a resolver unha débeda cunha asociación que tivo que realizar a súa actividade en situacións provisionais como a Casa do Mar ou o Bar dos Xubilados, que está próximo a reabrir despois da profunda reforma executada polo Concello de Foz.

O Concello dispuxo ademais de máis de 9.200 euros con cargo ao orzamento municipal para a compra de mobiliario e equipamentos, como unha canastra para a práctica de deporte no patio exterior, xogos, mobles con caixóns, cadeiras, unha mesa adaptada a persoas con minusvalía física e material audiovisual e informático como unha pantalla plana e unha impresora multifunción.

## Bo ritmo na humanización do eixo que conecta o centro urbano de Foz coa Rapadoira

O Concello executa a bo ritmo as obras de humanización do eixo que conecta o centro urbano coa Rapadoira, conformado polas rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia. As obras foron adxudicadas a Construcciones y Canalizaciones José Saa SL por máis de 752.000 euros, dos cales a Deputación aporta 544.000 euros e o Concello os máis de 200.000 euros restantes; inclúen tamén a urbanización de toda a contorna da praza de Galicia así como a rúa do Xico.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “na actualidade estanse a dispoñer as novas canalizacións de saneamento, unha rede separativa de fecais e pluviais con tubaxes de PVC. Cando proxectamos unha reforma completa dunha rúa cobra especial importancia renovar tamén o que non se ve, as canalizacións, para evitar problemas futuros. Comezamos os traballos desde Trapero Pardo e imos avanzando xa á altura da rúa Concello de Alfoz”.

O rexedor destaca que “a humanización da rúa vai permitir establecer un camiño peonil seguro e cómodo entre o casco urbano e a Rapadoira, adaptado a persoas con mobilidade reducida ou con déficits de percepción visual: é unha rúa moi usada polos peóns pero insegura, con problemas no firme. Esta reforma vai permitir avanzar no Foz cómodo e amable que estamos a procurar, seguindo as directrices do Plan de Mobilidade aprobado. Redactar un plan direc-



tor de mobilidade e que sexa a guía das distintas actuacións é unha das máximas do goberno, para evitar problemas de tráfico como os que se xeraron no pasado ao dispoñer as dúas rúas principais no mesmo sentido de circulación. Debemos evitar reformas como a da avenida da Mariña, na que se mantivo a vella rede de abastecemento con acometidas de chumbo e na que o firme está eschachado en distintos puntos”.

Fran Cajoto engade que “novas canalizacións de abastecemento, rede eléctrica e alumeadado público, con substitución das luminarias existentes na baixada das Casas Baratas e farolas completamente novas nos viais da praza de Galicia, completan unha actuación na que se amplían as beirarrúas e o tráfico se limita a un sentido de circulación en dirección á Rapadoira. Unha actuación que o Concello pretende culminar cun mural na fachada do edificio de Telefónica, entidade coa que está a facer as xestións necesarias”.

## O PP pide eliminar as prazas de aparcadoiro en batería na rúa Limoeiros e que sexan en liña

O PP de Foz reclama a Cajoto que elimine as prazas de aparcadoiro en batería en Limoeiros e que as ordene en liña. O portavoz popular, Javier Castiñeira, sinala que “o señor Cajoto non escoita aos veciños nin ao Partido Popular. Esta vez na rúa Limoeiros, na que os veciños e o PP (no Pleno) denunciámos que a nova estrutura dos aparcadoiros, en batería, nunha vía con espazo de circulación moi estreito, impedía que os veciños puideran estacionar”. Engade “dicimos que os aparcadoiros resultaban moi incómodos para os outros vehículos que circulan pola vía porque para aparcar teñen que pasar por riba da beirarrúa”. Castiñeira explica: “Neste caso, o

alcalde puxo uns módulos de formigón nas prazas diante das entradas dos garaxes aos que a xente chama obxectos terrestres non identificados, porque non sabe para que son; ademais son perigosos, porque de noite non se ven e é fácil que quen aparque acabe danando o coche”. O portavoz popular di que “a solución é a que lle dixo o PP, a que lle dixeran os veciños: que elimine as prazas en batería e que as poña en liña, co que conseguirá unha zona viaria moito máis ampla e os aparcadoiros serán de moito máis calidade, que é do que se trata, máis que de cantidade, porque ao lado están aparcadoiros públicos”.



## O Seminario de Estudos Terra de Viveiro organiza unha excursión

O Seminario de Estudos Terra de Viveiro organiza unha excursión cultural a Xerdiz e xantar de Entroido para o domingo 12 de febreiro. Nesta excursión visitarase a Fervenza da Xestosa, Casas e escolas indianas, paseo ruta cicloturística de Oourol, cemiterios artísticos de Miñotos e Xerdiz.

A saída será ás 10.30 da mañá, dende a Estación de Autobuses de Viveiro e para participar será necesario anotarse mercando os tiquets en Aquilino Mapre por un prezo de 25 euros socios e 28 non socios.

## O Concello recibiu un camión punto limpo

O Concello recibiu un camión punto limpo móbil que empregará na recollida de determinados residuos, co obxectivo de facilitar a súa correcta reciclaxe por parte dos veciños e veciñas da vila.

O camión comezará a funcionar percorrendo tanto o casco urbano como as parroquias para recoller pequenos electrodomésticos, aceites vexetais, lámpadas, pilas ou baterías, entre outros residuos. Nos próximos días daranse a coñecer as datas nas que chegará a cada zona así como a quenda de rotación.

O camión punto móbil será complementario ao punto limpo fixo xa existente na actualidade e favorecerá a recollida dos residuos e a súa clasificación, evitando a aparición de vertedoiros incontrolados e ilegais tan prexudiciais para o medio ambiente.

## Por Viveiro pregunta pola demora na plantación de árbores no Pernas Péon

Manuel Galdo Dopico, concelleiro de Por Viveiro, presentará un rogo sobre a demora na plantación de árbores no parque Pernas Péon no vindeiro Pleno.

“Na primavera do 2018 o Concello tomou a decisión de realizar unha tala, por motivos de seguridade, de parte das árbores existentes no parque Pernas Péon, tala que podemos considerar necesaria, mais tamén excesiva”, di Galdo, “despois de máis de catro anos foi anunciado un proxecto de recuperación do parque, orzamentado en mais de 1.200.000 euros.

## A asociación Casco Antigo preocupada polo “descontrol nalgúns locais nocturnos”

Dende a Asociación de Veciños Casco Antigo de Viveiro veñen de transmitir a súa “indignación e consecuente preocupación e alarma polos feitos da noite de Reis” así como polo ruído e inseguridade que viven habitualmente.

“Que é o que pasa en Viveiro para que un home saque unha pistola nun local de ocio nocturno do casco vello ás cinco da mañá e ninguén chame a policía”, din dende o colectivo, “que máis ten que pasar para que dende a Alcaldía escoiten e nos resposten as preguntas e demandas que lles fixemos e tomen medidas urxentes e drásticas para arrefriar a movida no Casco?”.

Así mesmo comunicaron que existen certos locais nocturnos que pechan máis tarde do horario permitido polo que os ruidos e a inseguridade é palpable no ambiente. “Trátase dunhas bares que abren ás seis da mañá, non para dar bocatas e cafés como se fixo toda a vida, non, son bares que funcionan como pubs con música alta onde recala a xente unha vez que pechan



os outros locais”, din, “non hai control ningún nin inspeccións sobre estes locais, en canto a seguridade, sonorización, aforo, electricidade, sanidade, accesibilidade..., aquí podese reabrir locais con licenza dende os anos 70 caducada, simplemente presentando unha Declaración Responsable”.

Dende o colectivo veciñal dixerón que lles “gustaría que o Casco fose un lugar de encontro, tamén co ocio, pero non así, non pode ser que catro locais nocturnos, contados, envelenen a vida da veciñanza”, ao que engaden que ao resto da hostalaría vivairense, tan só poden agradecerlles o seu esforzo e tesón por sacar adiante os seus negocios, moitas veces compitando en desigualdade cos locais que non cumpren”.

## O BNG propón crear unha rede de centros de interpretación

Miriam Bermúdez, concelleira do BNG de Viveiro, propón crear unha rede de centros de interpretación no Concello. “A día de hoxe Viveiro non ten desenvolto coa contudencia que se require, iniciativas para poñer en valor o gran potencial co que se conta a nivel de patrimonio histórico-cultural. Non contamos con un só centro de interpretación nin museo e non será por non ter patrimonio que mostrar”, asegura Bermúdez. “Se quixeramos actuar seriamente non deberíamos facer uso da palabra museo á lixeira como ás veces se fai. A definición de museo está recollida na lei. A de colección visitable, tamén. Outra cousa son os centros de interpretación do patrimonio ao que, nesta iniciativa, nos imos referir”, engade.

Viveiro pode pór en valor o seu patrimonio creando centros de interpretación patrimonial. “Se cada, no futuro, algún destes cen-

tros poderían dar pé á fundación dun museo”, di Bermúdez.

A concelleira puntualiza que “estes centros poderían estar instalados nalgún edificio do Casco Histórico e tamén fóra del, sempre dende unha perspectiva de rehabilitación e dinamización.”

Segundo o BNG, Viveiro tería que contar cun centro de interpretación patrimonial sobre a Industria Conserveira. Podería estar en Celeiro e aproveitar unha edificación que no seu día foi un dos fabriquéns de conserva, unha Casa da Imprenta, no casco antigo de Viveiro, aproveitando antigas maquinarias e que recollese a historia destes establecementos que no pasado existiron na vila, unha Casa do Chocolate, tamén no casco histórico, na que se poña en valor estas pequenas industrias chocolateiras, un centro de interpretación da Mina da Silvarosa e un centro de interpretación patrimonial dedicado á Industria.

## Mariña Gueimunde González será a candidata do PP para recuperar a Alcaldía local



Mariña Gueimunde González é a candidata do PP de Viveiro para recuperar a alcaldía. A presentación da candidata tivo lugar nun acto entre afiliados e simpatizantes do partido no que tamén participaron membros da dirección provincial, o coordinador xeral, José Manuel Balseiro Oourol, o secretario xeral do partido, Javier Vázquez Nodal, entre outros.

A candidata trasladou o seus agradecementos por asistir á proclamación da súa candidatura e a aposta pola renovación dun equipo “que conta cun proxecto comprometido con Viveiro”. O obxectivo principal para Gueimunde, que conta co

apoio do comité local e da dirección provincial, é o de recuperar a alcaldía e volver a gañarse a confianza dos veciños e veciñas do municipio para dar resposta as súas necesidades e ser unha alternativa real de cara as próximas eleccións municipais.

“Viveiro necesita dunha rehabilitación estrutural para recuperar a súa grandeza, neste momento contamos cun equipo de goberno que está a cambiar as cousas a peor, e por iso, vamos a traballar con ilusión, humildade e seriedade para lograr uns resultados favorables”, engade a popular.

## Xa hai gañadores do Certame de Poesía Infantil Nadal 2022



O Goberno local fixo pública a resolución do Certame de Poesía Infantil Nadal 2022 na súa fase local. O concurso está organizado pola Biblioteca Municipal en coordinación coa Biblioteca Pública de Lugo, con edicións locais nos distintos municipios previas á fase final provincial.

Na categoría A, de nenos de ata 8 anos, os textos gañadores son os de Anne López Ferraz, Junliang Wu e Guillermo García Fernández. Na categoría B, de nenos de 9 a 12 anos, gañaron Ashley Michelle Montera Barrero, Lucía

Sanjurjo Iglesias e Inés Mariño Gómez.

Os traballos premiados nesta fase local enviaranse ao certame provincial, no que o xurado escollerá os mellores textos entre os poemas enviados polos nenos de toda a provincia de Lugo.

“Agradecemos a motivación de todos os xóvenes escritores e escritoras que nos enviaron os seus textos, así como a implicación do profesorado para que a mocidade participe na Cultura”, sinala Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura.



# Viveiro formará parte das rutas dos trens turísticos de Galicia

O Concello de Viveiro recolle os resultados das xestións realizadas recentemente en Fitur 2023, onde concretou varias iniciativas e captou o interese dos grandes turoperadores, reafirmando a vila como un destino en alza.

En concreto, Viveiro formará parte este ano das rutas dos trens turísticos de Galicia, unha iniciativa entre Turismo de Galicia e Renfe que percorrerá os principais destinos de ocio e lecer da comunidade autónoma. Viveiro forma parte dun dos traxectos desta iniciativa, a 'Ruta dos Faros', e ata seis trens turísticos pararán en Viveiro entre os meses de xuño e setembro neste ano. Este viaxe, que percorre o litoral norte de Galicia, inclúe un percorrido a pé polas rúas do centro histórico viveirense para todos os viaxeiros.

"Estamos moi satisfeitos por dar este novo paso, recollendo o resultado das xestións que impulsamos desde o concello en Fitur e nos meses anteriores.



As previsións apuntan a un ano moi bo para o turismo en Viveiro, un sector moi importante para a economía local", asegura a alcaldesa, María Loureiro.

Loureiro e a concelleira de Turismo, Marisol Rey, mantiveron en Fitur diferentes reunións cos principais touroperadores do sector, como son InterRías, Weekdesk, Cultural, You Travel, Te Travel, Turismo Inteligente, Pilgrim ou IUrban. Todos eles mostraron moito interese por incluír Viveiro nos seus programas de viaxe.

As cifras da última tempada de

verán, con visitantes de máis de 40 países nos meses de xullo e agosto e un total de 42.385 persoas que pasaron pola oficina de turismo, reflicten que a atracción por Viveiro medra de forma exponencial.

Ao marxe dos atractivos do verán en Viveiro, eventos como a Semana Santa, o Nadal, o Resurrección Fest, a Mostra Folclórica ou as festas patronais congregan a milleiros de persoas todo o ano, cunha elevada porcentaxe de ocupación nos hoteis e nas vivendas de uso turístico. As visitas guiadas tiveron moita demanda, así como a pantalla de grandes dimensións que o concello instalou na oficina de turismo.

O Concello tamén sinala como ferramenta para promover os recursos turísticos a posta en marcha da iniciativa 'Descubre Viveiro', a través de cinco plataformas de redes sociais como son Instagram, TikTok, Youtube e Wikiloc, ademais do Facebook de Viveiro Turismo.

## O PP pide reparar o firme e dotar de alumbeado o Camiño de Ameixoa

O PP insta a Loureiro a incluír no orzamento municipal para o actual exercicio económico a reparación do firme e a dotación de alumbeado do Camiño de Ameixoa.

"O Goberno de Viveiro non resolve os problemas que afectan aos veciños e tampouco dá explicacións de por que non toma as decisións que precisan", din dende o grupo municipal do PP que presentará un rogo na sesión plenaria no que demanda o amaño do Camiño de Ameixoa, cuxo mal estado crea numerosos problemas aos veciños. O portavoz dos populares, Óscar Rodríguez, sinala que a concelleira Teresa Pérez presenta un rogo en relación co citado camiño. Sinala "o firme do Camiño Ameixoa está nunhas condicións lamentables e perigosas para a circulación de vehículos, aparte de non ter ningún tipo de iluminación". Explica que esta vía carece de alcatrán e que sofre desprendementos nunha das beiras. Os populares destacan que veciños afectados polo mal estado deste acceso presentaron un escrito no Concello, vía Rexistro, en maio de 2021 e máis de ano e medio despois seguen sen resposta".

## Xa foi adxudicado o acondicionamento dos exteriores de Aspanane



O Concello celebrou tres mesas de contratación nas que se acordou a proposta de adxudicación de varias obras importantes para o municipio. A primeira delas é a pavimentación e drenaxe de exteriores do Centro Ocupacional de Aspanane que contan cun orzamento de 49.242 euros, que consistirán no acondicionamento do recinto exterior pechado do centro ocupacional. Esta infraestrutura empregárase como patio exterior para o disfrute dos usuarios do centro, o que supón un importante avance para a axenda de actividades da entidade.

Outra das obras que se acometerá será o acondicionamento e mellora da pista do Ponte FEVE ata a Casería

e do ramal na parroquia de Covas. No zona das Pallaregas, o Concello vai levar a cabo unha serie de actuacións que contan cun orzamento segundo proxecto de 129.882,11 euros. Nelas están incluídas as obras de acondicionamento e mellora da pista principal, dende a Ponte de Feve ata a Casería, e tamén no ramal denominado Pista de Vilar-O Rego, que dá acceso ás vivendas de Porta Leira.

Por outra banda, realizarase a reposición de firme nos viais situados no lugar de Paraíso, unha obra que conta cun orzamento, segundo proxecto, de 107.522,63 euros. Nesta acometida están incluídos os arranxos doutros catro viais da zona.

## O Concello repartirá case 7.000 euros en premios no concurso de disfraces do Entroido

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e a concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, presentaron o cartel do Entroido 2023 e adiantaron algunhas das actividades que incluírá esta celebración.

O certame de disfraces contempla categorías de adultos (carrozas, comparsas, grupos, parellas e individual) e infantil (individual, parellas e grupos). Unicamente será posible inscribirse nunha categoría.

O prazo de inscrición pecharase o 19 do mesmo mes e as inscricións tramitaranse achegando a documentación recollida nas bases do certame no rexistro ou na sede electrónica do Concello. Concederá premios aos catro mellores participantes en cada categoría, cun premio de 700 euros para a mellor carroza. En total, repartiranse case 7.000 euros en premios entre todas as categorías. Tamén haberá un premio especial ao humor e á orixinalidade, entre todos os participantes da categoría adultos.

**PRINCIPAIS DATAS.** A falta de pechar o programa definitivo, o Concello sinala algúns dos principais eventos. Os actos comezarán o xoves 16 co xoves de comadres, no que colaboran os locais de hostalaría do Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro. O sábado, 18 de febreiro, celebrarase o Certame de Alpuxarradas, no que tamén se



repartirán premios.

O día da cativada será o luns 20 de febreiro, coa Festa Infantil na praza Maior. Ademais, organizaranse obradoiros temáticos tanto o domingo 19 como o luns 20 de febreiro. Doutra banda, o domingo pola tarde instalaranse inchables gratuítos nos Xardíns de Noriega Varela. O martes, 21 de febreiro, será o día central de actos deste Entroido, co concurso de disfraces durante o desfile. Tras esta xornada de festa, o mércores celebrarase o enterro da sardiña, mentres que a rapazada poderá gozar do enterro da parrochiña.

A música, da man das charangas e outras agrupacións musicais, protagonizará todos os días de festa. Ademais, nesta edición, o Goberno local levará a animación musical a outros puntos de Viveiro, como Covas e Celeiro.

## Lista a programación cultural para o Teatro Pastor Díaz

Xa está lista a programación cultural para os vindeiros meses de febreiro, marzo e abril do Teatro Pastor Díaz, e que contará cunha oferta variada de música, danza e teatro para todas as idades.

No vindeiro mes subirá ao escenario do Pastor Díaz a compañía Titzina Teatro presenta o sábado 25 ás 20.30 horas *Búho*, unha peza que se mergulla no concepto da identidade.

En marzo será a quenda de *A música das beguinas* co folk tradicional de Mamá Cabra e Bellón Maceiras o día 4 e dunha dobre cita co teatro da man, primeiro, de Culturactiva, que representará *As alumnas* o sábado 11, e despois do Teatro Andazas que porá en escena *Baile de huesos* o día 18.

En abril o Pastor Díaz acolle o



espectáculo de danza contemporánea de Paula Quintas, con *Nina Ninnette* o sábado 15, e ao artista de performance, Félix Fernández, que presenta *Consistentes do porvir* o día 29.





## Carmela López Moreno, actual concelleira de Servizos Sociais e Mar, será a alcaldable socialista

Carmela López Moreno, actual concelleira de Servizos Sociais e Mar do Concello de Burela, foi elixida como candidata do PSOE á Alcaldía do Concello mariño no seo dunha reunión coa militancia e que contou cunha alta participación.

Dado que a Executiva do Partido Socialista en Burela non está constituída, corresponde á dirección provincial realizar a proposta da candidatura ás eleccións municipais do vindeiro 28 de maio. Por iso, convocou unha reunión cos militantes socialistas da localidade, celebrada coa presenza do Secretario Xeral dos socialistas na provincia, José Tomé Roca, xunto á Secretaria de Organización provincial, Pilar García Porto. No encontro fíxose unha valoración e un análise do traballo realizado no últimos anos polos socialistas, así como dos pasos a dar para fortalecer e dinamizar a agrupación local e para seguir impulsando o futuro do municipio. Así, acordouse que a mellor opción

para liderar o proxecto do PSOE en Burela e, polo tanto, para encabezar a candidatura é Carmela López, "que xa vén desempeñando dende hai tempo un gran traballo como Concelleira", subliñou o Secretario Xeral do PSdeG na provincia.

José Tomé recalcou que López "é a primeira muller candidata do Partido Socialista ás eleccións municipais de Burela e estou convencido de que será a primeira muller alcaldesa pola súa preparación, capacidade de traballo, pola súa experiencia tanto nestes anos como Concelleira como pola súa traxectoria anterior, polo contacto e diálogo que mantén cos veciños, polo coñecemento que ten do seu Concello, das necesidades e das oportunidades de Burela, e polo seu compromiso e ilusión".

Carmela López presentará nas vindeiras datas a súa candidatura aos veciños nun acto ao que acudirá o Secretario Xeral do Partido Socialista na provincia.

## O PP de Burela consegue aprobar a proposta para sacar o tráfico pesado das rúas da vila

O Grupo Municipal Popular de Burela conseguiu sacar adiante no Pleno unha iniciativa encamiñada a sacar das rúas de Burela o tráfico pesado que os populares prevén que se vai incrementar coa próxima posta en funcionamento da mina de caolín.

O voceiro popular, Manuel Rouco, explica que "dende o grupo de goberno votaron en contra e xa advertiron que non a ían poñer en práctica, a pesar de saír aprobada no Pleno. Isto demostra o pouco que lles importan os mecanismos democráticos e o máximo órgano de representación do Concello. E tamén evidencia claramente o perfil ditatorial que levan demostrando ao longo

do mandato", segundo condena o popular.

"Debido a un erro no procedemento na incorporación da unidade de actuación de Torrentes dun proxecto complementario na época do bipartito, o Concello debe abonar máis de 600.000 euros aos propietarios das parcelas, sen contar tamén os intereses de demora. A cantidade podería dispararse, polo tanto, ata os 800.000 euros que terían que saír das arcas municipais: é dicir, dos petos dos veciños e veciñas de Burela. Tódolos concelleiros do grupo socialista decidiron adiar a solución a esta situación", segundo considera o popular.

## Seguen os traballos de mellora da rúa Mar Cantábrico

Seguen os traballos de mellora da rúa Mar Cantábrico, en Burela, que suporán un investimento de 120.000 euros. O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, agardan que rematen nun prazo de tres meses.

O edil burelés contou que "estas obras xa facía tempo que tiñamos adxudicadas e estábamos esperando a que empezaran. En concreto son a renovación de servizos e pavimento".

Fernández Rey dixo que "esa rúa estábanos dando bastantes problemas tanto na súa rede de subministro de auga como no saneamento, polo tanto decidimos facer un investimento importante, que supera os 120.000 euros, para renovar totalmente a capa de rodadura, que tamén estaba en bastante malas condicións; levantar e picar as beirarrúas para facelas un pouco máis anchas, neste afán que temos por intentar humanizar



máis todas as rúas de Burela e facer que sexan máis atractivas para os peóns, que sexan máis para os peóns que para os coches e o máis accesibles posible".

O concelleiro de Obras explicou que "tamén aproveitamos, como en case todas estas obras que facemos, para renovar a rede de saneamento, crear unha nova rede de pluviais e tamén mellorar tanto a canalización de alumeado como de abastecemento de auga.

Ademais para facer esa rúa máis atractiva vamos anchar as beirarrúas e colocar novo mobiliario urbano, o que esperamos que sexa do agrado de todos os veciños, pero especialmente dos que viven nesta zona. Eu penso que se lle vai dar un valor engadido e esperamos que sirva para o disfrute de todos, seguindo a mesma liña desde que estamos no goberno: intentar humanizar e facer máis atractivo o noso pobo".

## As actividades do Entroido de Burela arrincarán o día 17

Do 17 ao 22 de febreiro desenvolverase a programación do Entroido de Burela 2023, que foi presentada polo alcalde, Alfredo Llano, e a concelleira de Festexos, Toñi Eijo.

As actividades arrincan o día 17 coa festa xuvenil que terá lugar de 19 a 22 horas na praza de abastos con dj, chocolatada e filloas. O 18 de febreiro, tamén na praza de abastos, está programado un pintacaras e obradoiro de máscaras de Entroido. Será de 11 a 14 horas.

No mesmo escenario, é dicir na praza de abastos, haberá un obradoiro de cociña infantil o 20 de febreiro entre as 16:30 e as 19:30 horas. As prazas son limitadas. É preciso inscribirse en Gaia nos seguintes teléfonos: 647 136 673 ou 982 580 867.

O 19 de febreiro, domingo, será o desfile de Entroido a partir das cinco da tarde desde a Rúa do Ril ata a Praza da Mariña. As inscricións para participar deberán facerse na Casa da Xuventude ata o 17 de febreiro, de xeito presencial, por correo electrónico en [casaxuventude@burela.org](mailto:casaxuventude@burela.org) ou por teléfono 982 581 141 ou 647 136 673. Tamén pode ser no local de



Ledicia o mesmo día do desfile a partir das tres e media da tarde. En total a organización repartirá 2.200 euros en premios.

As actividades do Entroido de Burela seguirá o 21 de febreiro, festivo local, coa celebración do día do neno no pavillón dos IES, de 16:30 a 21:00 horas. Haberá inchables, pintacaras, manualidades, photocall, música, desfile e premios.

O remate do Entroido burelés será o 22 de febreiro co Enterro da Sardiña a partir das 20 horas desde O Poeta ata O Penoural.

Alfredo Llano e Toñi Eijo animan "á veciñanza a participar no noso Entroido, que conta con actividades para todos os públicos. Agardamos que sexa do agrado de todas e todos". E agradecen a colaboración de todas as asociacións implicadas ademais da realizada pola Deputación de Lugo: "trátase de Acia Burela, Leticia, As Encaixeiros, asociación Esperanza de loita contra o cancro, Amas de Casa Burela, Raíces Peruanas, asociación saúde mental A Mariña e Banda de Gaitas Dambara".



## A Deputación financiará a alfombra floral das patronais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co presidente da Asociación Cultural Burelafloral, Martín Soto Lestao, para financiar os gastos derivados da organización e confección da alfombra floral, un dos grandes atractivos das festas patronais de Burela, que se celebran a primeira fin de semana de xuño na honra á Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros.

Tomé Roca agradeceu ao presidente do colectivo o traballo por manter viva esta tradición lonxeva "que converte un dos actos máis fervorosos e populares destes festexos nun gran atractivo para a Mariña, recibindo estes días a centos de visitantes e fieis que queren ver a procesión da Virxe sobre este xigante manto floral". Desta forma, colaborando con este tipo de iniciativas, dende a institución provincial "estamos promovendo a imaxe turística da provincia cara ao exterior, e contribuíndo a xerar riqueza a través da nosa cultura e das nosas tradicións", explicou.

A Deputación, xunto ao Concello, aporta con este acordo a contía económica necesaria que permitiu á entidade estender uns 500 metros de tapiz floral, desde as inmediacións da igrexa parroquial ata o porto da



localidade mariñá, contribuíndo así a enxalzar o paso da Virxe. Nesta última edición do 2022, de título Polas festas que nos perdimos, o deseño da tapiz estivo inspirado nas festas máis relevantes da comarca e de toda a provincia con motivos en referencia a citas, entre outras, como a Festa do Bonito, a Maruxaina, As San Lucas de Mondoñedo ou O San Froilán.

**TODA UNHA VILA.** A elaboración da alfombra floral é un dos atractivos do día grande das festas patronais, pero o traballo comeza catro meses antes coa preparación dos materiais para a súa confección, sobre todo o da flor.

Ao redor deste proceso implícase

toda a vila. Burelenses de todas as idades, desde os máis pequenos aos máis maiores, comparten este sentimento, que comeza co traballo da selección e picado da flor nos baixos das súas casas. Nestas semanas previas, tamén se preparan os tintes para dar as distintas tonalidades cos que completar os debullos, sobre todo en serraduras e sal. Outros materiais empregados son o caolín e o café, que aportan as cafeterías da zona para o seu cribado e secado ao sol. Un acto de devoción, culto e convivencia que remata o día da procesión coa confección da alfombra que tingue de cor as rúas da localidade, atraendo a centos de persoas que queren presenciar a pé de manto o espectáculo.

## En marcha un novo plan de dixitalización para axudar ás pemes e autónomos

A Deputación, en colaboración co Concello, pon en marcha un novo plan de dixitalización co obxectivo de axudar ás pemes e ás persoas autónomas a integrar nas súas empresas solucións dixitais que melloren o seu rendemento.

Para levalo a cabo, conformouse unha Rede de Oficinas Acelera Peme para contornas rurais, que acollerá todo tipo de actividades económicas.

As Pemes e autónomos participantes contarán con asesoramento individualizado e personalizado en materia de transformación e capacitación dixital por parte dunha rede de axentes dixitalizadores que visitarán as empresas. Deste xeito, buscaranse as solucións máis axeitadas a cada caso en particular, axudando a optimizar os procesos, a xestionar e relacionarse coa clientela e a outros trámites importantes.

As persoas interesadas poden poñerse en contacto a través do número de teléfono 629 60 40 87 ou no correo [silvia.martinez@deputacion-lugo.org](mailto:silvia.martinez@deputacion-lugo.org)

## Grandes espectáculos para os vindeiros meses

Xa están á venda as entradas para a ópera *El Barbero de Sevilla*, que chegará a Burela o vindeiro 2 de abril ás 19 horas. O concelleiro de Cultura, José Díaz, dixo que "as entradas xa se poden mercar en [ataquilla.com](http://ataquilla.com)". O edil burelés subliñaba o día da presentación deste evento "é outra das grandes óperas, xa que está entre as oito mellores de todos os tempos, segundo os críticos musicais. É unha ópera de Rossini que se considera bufa, en ton de comedia; das óperas bufas é a máis importante de todos os tempos sen ningunha dúbida. Estreouse en 1816 no teatro Argentina, de Roma, e a partir de aí representouse en innumerables ocasións en moitos teatros moi importantes de todo o mundo. É unha ópera accesible á maioría da xente".

**80S Y 90S.** Tras o seu paso por lugares tan emblemáticos como o Teatro Apolo de Barcelona ou o Teatro EDP Gran Vía de Madrid e ser disfrutado por máis de 300 mil espectadores *El Musical de los 80s y 90s* da Compañía Onbeat será



representado na casa da cultura de Burela o sábado 4 de marzo ás 20.00 horas.

Unha comedia musical moi divertida na que o público compartirá a experiencia dos personaxes cantando, bailando e sendo cómplices de cada un deles. O mellor pop español dos 80 e 90 con temas de grupos como Mecano, Celtas Cortos, Danza Invisible ou Seguridad Social mestúrase con éxitos internacionais e coas mellores cancións do verán que marcaron a nosa xuventude.

## O Monte Castelo contará cun panel informativo creado por artistas locais

O Monte Castelo contará cun panel informativo realizado polos artistas locais Belén Mogo e Martín Lestao. O rexedor burelés explicou que "estamos a recuperar un cartel que había na área recreativa do Monte Castelo, que era informativo pero tamén unha expresión artística e foi derrubado por un vehículo que tropezou con el e desfixoo practicamente na súa totalidade. Entón decidimos recuperalo e vai ser novo, pero tamén artístico e levará información do que se pode atopar no Monte Castelo".

Llano subliñou que "é un traballo que xa comezou e non vai tardar moito tempo en rematarse. Penso que vai quedar moi ben alí esta obra de arte realizada por dous artistas locais, como son Belén Mogo e Martín Lestao, que xa lle están dando forma.



Alí estivemos e penso que en pouco tempo vai estar rematada unha obra bonita e que lle dá singularidade a toda esa zona. Así que esperemos que en pouco tempo poidamos disfrutala".

## A Asociación Camiña organiza unha cea baile de Entroido

A Asociación Camiña, de Burela, organiza unha cea baile benéfico para o vindeiro luns 20 de febreiro no Hotel Nordés con motivo da festa de Entroido.

Esta cita solidaria será a partir das 22.00 horas e o prezo do menú é de 30 euros (25 cea + 5 euros para donativo). O menú estará composto por unha táboa de embutidos e queixos, croquetas caseiras, langostinos á prancha, tenreira asada, sobremesa e bebidas incluídas.

Tamén estará dispoñible a opción do menú co prato principal con peixe. Dito cambio haberá que comunicalo no momento da compra da entrada. Ademais ofrécese menú infantil por 12 euros a menores de 12 anos que será de milanesa de polo, croquetas, calamares, patacas, xeado e bebida. Contarán coa colaboración de DJ Beto, que amenizará con música du-



rante toda a velada e tamén haberá sorteos e moitas sorpresas moi interesantes.

As entradas están dispoñibles tanto en Asociación Camiña coma en Hotel Nordés.



**PREMIOS DE NADAL.** A Biblioteca Pública Municipal de Burela acaba de fallar os Certames de Nadal 2022. Os gañadores desta fase local, pasarán a fase provincial do certame, organizado pola Biblioteca Nodal de Lugo.



## O PP denuncia “o pasotismo” do Goberno local na conservación das instalacións deportivas

O PP denuncia “o pasotismo” do Goberno do BNG que “están máis preocupados de si mesmo que de xestionar orzamento para a conservación das instalacións deportivas da vila”, apuntan desde o grupo municipal. Neste sentido o coordinador de deportes, Tito Suárez resalta que “fai referencia ao total abandono do pavillón polideportivo da rúa Alfredo Deaño no que hai goteiras nas pistas e nos corredores de acceso. Xa se tivo que suspender algún adestramento e algún partido polo estado no que se atopaban as pistas. Ademais, os baños están en moi mal estado e algunhas portas parece que pasou unha tormenta e as esnaquizou”.

**RINLO.** Os veciños de Rinlo denuncian o abandono por parte do goberno local, así o trasladaron ao



grupo municipal popular. “Seguen sen ese aparcamento municipal que prometeron despois de moitas reivindicacións dos veciños, pero como noutras ocasións fan promesas baleiras”.

## Retirarada a cancela á Illa Pancha

Varios operarios municipais ribadenses, acompañados pola Policía Local e polo propio rexedor, procederon a retirar a cancela de entrada á Illa Pancha, pois según asegura o alcalde, Fernando Suárez, o acceso ao dominio público ten que estar aberto porque así o di lei e así o referendou a xustiza.

O rexedor contou que “estes feitos non son puntuais senón que se levandando en todo este tempo dun xeito ou doutro, ben con reclamacións que recibimos no Concello de persoas que queren entrar e non poden. E un letreiro que puxo a Autoridade Portuaria hai un tempo advertindo que o paso era libre para todo o mundo non existe a día de hoxe e a Policía Local hoxe constatoume que non se podía acceder nunha hora prudente, ás dez menos vinte da mañá”.

Suárez Barcia manifestou: “entón dicir que Ribadeo non pode ser tratado así. Son uns irresponsables e desde logo a paciencia ten un límite. Non se pode privar do dominio público polo



capricho dun concesionario que non cumpre coas súas obrigas, nin pola Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, que é a titular da illa, porque non está cumprindo o pactado. Todo canto diálogo, canta educación levamos posto en todo este proceso con todas as sentenzas gañadas e ao final un faise a pregunta pero isto qué é? onde vivimos?”.

Suárez Barcia insiste en que “o dominio público vai estar aberto porque o di a lei, non porque o diga o alcalde

de Ribadeo, e porque o referendou a xustiza de maneira clara. Así que morto o can eliminouse a rabia, é dicir elimínase a porta e listo”.

O alcalde lembrou que “Intentei buscar composicións moderadas e consensuadas, pero isto non se pode permitir. Así que a partir de agora o concesionario poderá seguir cos seus quefaceres e o resto da cidadanía poderá seguir entrando como a lei manda e como a xustiza o referendou hai tempo”.

### EN BREVE

**CARTAS DE AMOR.** Volve o Concurso de Cartas de Amor de Ribadeo, organizado pola galería Terra Branca e que chega a súa novena edición. Tan só haberá que escribir unha romántica, peculiar ou divertida carta de amor que deberá ser obrigatoriamente un orixinal e non ocupar máis que a cara dun folio a dobre espazo. Non hai límite de cartas por participante. E poden estar redactadas en galego ou castelán. O premio será unha magnífica figura de cerámica galega. As persoas interesadas en participar deben enviar as súas obras por correo postal ou electrónico con todos os seus datos ou entregala directamente antes do 14 de febreiro en: Terra Branca, Avenida de Galicia 8, 27700 Ribadeo. O noso email é o seguinte: galeriate-rbranca@gmail.com.

**VICENTE CASTRO.** Vicente Castro volve á política municipal ribadense coa proposta de novo equipo de Goberno que o BNG está a preparar para as vindeiras eleccións municipais. Pablo Vizoso expresou publicamente, en nome propio e do BNG, a satisfacción por esta incorporación, por tratarse dunha persoa que coñece a fondo o Concello, é unha garantía pola súa experiencia e capacidade. A volta de Castro enmárcase así no proceso de preparación do novo equipo que está a preparar o BNG para xestionar o Concello de Ribadeo.

## O Concello xa é propietario de varias vivendas en Cabanela



O Concello fíxose coa propiedade de varias vivendas en estado ruinoso en Cabanela. O obxectivo é dedicalas ao aluguer para a xente moza. Catro deses inmobles eran do Bispado Mondoñedo-Ferrol. Así, nestes días frutificaron os acordos para recuperar o barrio de Cabanela, unha das orixes medievais do que hoxe se coñece como Ribadeo, pero lamentablemente leva decenios en total abandono.

O alcalde indicou que “para iso, falamos cos lexítimos propietarios desas vivendas para que no las vendesen. Houbo unha compravenda a unha familia, á que lles estamos moi agradecidos. E tamén houbo cesións. Neste caso doutra vivenda por parte doutra familia e logo a entrega de catro edificacións por parte do Bispado de Mondoñedo-Ferrol por seren

da súa propiedade. E vaia tamén o noso agradecemento”.

Fernando Suárez manifestou: “e a cidadanía preguntárase, para que queremos esa cantidade de construcións en estado totalmente ruinoso?. Pois para engadilas a outras dúas que xa son das Administracións Públicas e poder iniciar así os trámites de reconstrución dese barrio para dedicalo ao aluguer de vivenda para xente moza de Ribadeo”.

O rexedor sinalou: “estamos convencidos de que este expediente que hoxe iniciamos, será unha auténtica revolución á volta dun tempo con ese emprazamento tan simbólico, tan histórico e tan útil. Tomar o pasado e proxectalo cunha potencia tremenda para o futuro. Iso é o que levamos anos facendo desde o goberno municipal de Ribadeo”.

## Ante o risco de gripe aviar, o Concello publicou un bando con diferentes medidas

O Concello informou nun bando das medidas que deben aplicar para evitar o contacto directo ou indirecto das aves domésticas coas silvestres de calquera especie por mor da situación epidemiolóxica en España da Influenza Aviaria de Alta Patoxenicidade, é dicir polo risco de gripe aviar.

No bando o rexedor sinala “que se prohibe a cría de aves ao aire libre: todos os propietarios de aves deben reclusas en instalacións pechadas a cuberto. Queda prohibido o uso de reclamos de caza con aves, a cría de parrulos, ocas e

gansos xunto con outras especies de aves de curral. Prohíbese darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter accedido aves silvestres. Quedan prohibidas as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non, tanto de aves de curral como doutras distintas a estas. E é obrigatoria a inscrición dos currais familiares de autoconsumo no rexistro galego”. Tamén hai recomendacións para as persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais.

## O programa Educando en Familia amplíase a Covelas

O programa Educando en Familia, que se imparte desde hai anos na vila de Ribadeo, amplíase á parroquia de Covelas.

A concelleira de Servizos Sociais, Mónica Freire, indicou que “levamos xa un tempo colaborando co programa Educando en Familia, que se imparte no noso Concello. E agora ampliamos a actividade realizando unha sesión na escola de Covelas que será dous luns ao

mes ás 11.00 da mañá e que terá unha duración de dúas horas”. A primeira sesión, engade a edil ribadense, “será este próximo luns, 30 de xaneiro”.

Freire Rancaño dixo que “deste xeito recuperamos o programa nas parroquias, que seguirá impartíndose igualmente no Colexio Gregorio Sanz, como ata o de agora, e financiado ao 100% polo Concello de Ribadeo”.



## O actor Carlos Blanco será o pregoeiro do Entroido 2023

O coñecido actor Carlos Blanco será o pregoeiro do Entroido de Ribadeo. Entre as novidades que inclúe o programa destacan os sorteos da noite temática e das mascaritas do domingo lardeiro, así como a animación musical prevista para o baile infantil a cargo de Paco Nogueiras e o obradoiro de mascaritas para as nenas e os nenos que se desenvolverá o luns 20 de febreiro e ao que seguirá un pequeno desfile guiado por música tradicional polo Cantón. O Entroido arrincará o 17 de febreiro co pregón que pronunciará o coñecido actor, autor e director Carlos Blanco. Será ás sete e media da tarde no Teatro. E despois a partires das nove da noite ofrecerá unha función no auditorio municipal Hernán Naval. O sábado, día 18, será a festa temática de heroes e heroínas.

O 19 de febreiro, o domingo lardeiro, sairá a comparsa do cocho, acompañada de charangas, de gaitas e de mascaritas. No Cantón haberá unha concentración de mascaritas. E xa pola tarde será o baile infantil na discoteca Rosalar, que contará coa animación musical de Paco No-



gueiras.

O martes, día 21, será o Gran Desfile de Entroido, que partirá ás 17.00 horas da rúa Rosalía de Castro e rematará diante do Concello, onde terá lugar a entrega de premios. En total repartiranse máis de 3.500 euros e outros agasallos.


O Entroido rematará coa Queima do Entroido o 25 na avenida Rosalía de Castro e desenvolverase no medio de fogos artificiais e cunha monumental traca como peche de festa.

## Chega unha nova edición das parroquias en marcha

O Concello de Ribadeo organiza unha nova edición do programa As parroquias en marcha, que se desenvolverá do 30 de xaneiro ao 30 de xuño. Para participar nestas actividades de lecer as persoas interesadas poden obter máis información e inscribirse nas escolas das parroquias ou chamando ao teléfono 625 10 42 74.

A concelleira de Igualdade, Mónica Freire, explicou que “a veciñanza das parroquias de Ribadeo poderá asistir a actividades de memoria, obradoiros de novas tecnoloxías, cociña, xogos de mesa, tertulias...”. A edil ribadense sinalou que “as actividades vanse facer nas diferentes parroquias do noso concello, tanto nas do interior como nas da costa. Son totalmente gratuítas e van comezar xa o 30 de xaneiro”. Freire Rancaño engadiu que “se trata dun programa que ten moi boa acollida entre a veciñanza, de aí que lle deamos continuidade neste 2023. Desde o Concello de Ribadeo animamos a todas e a todos a participar”.

As actividades de lecer serán os



luns en Vilela de 10 a 12 da mañá e en Remourelle de 18.30 a 20.30 horas da tarde; os martes en Cinxe de 10 a 12 e en Vilaselán de 18.30 a 20.30; os mércores en Rinlo de 16.00 a 18.00 horas e en Ribadeo de 18.30 a 20.30; os xoves en Ove de 10 a 12 e nas Anzas de 18.30 a 20.30; e os venres en Vilaframil de 10 a 12 horas; en Covelas de 16.00 a 18.00 horas e en Santalla de 18.30 a 20.30 horas.

## Arrinca a programación formativa de Apaga

A vindeira fin de semana arrinca a programación formativa de Apaga para este 2023. Será cun curso de soldadura con electrodo revestido, que se impartirá en Ribadeo.

O presidente da Asociación de Profesores de Automoción de Galicia, Álvaro Doural, explicou que “iniciamos unha nova etapa a nivel da formación continua que estamos impartindo e vamos facelo con 3 cursos de soldadura. A continuación vaise iniciar o plan de formación, que se desenvolverá ata o mes de xuño, con distintas accións relacionadas cos vehículos: desde cousas que están aterrando nestes momentos e aínda

non teñen todo o desenvolvemento que debería ter, como o caso do hidróxeno, os vehículos eléctricos e toda unha serie de novas situacións que se dan co tema de sustentabilidade e todo isto que se está implantando no tema de mobilidade neste momento neste país e no resto de Europa”.

O presidente de Apaga sinalou que “o que se pretende é formar aos socios e a toda aquela xente que queira participar nas actividades, para as que non é necesario ter ningún tipo de formación. Son cursos que teñen un custe, no que vai incluído o prezo de facerse socio”.

## O Campo da Vía contará cun novo espazo deportivo

O Concello instalará un novo espazo cuberto no Campo da Vía destinado ás actividades complementarias do Club de Atletismo local. O concelleiro de Deportes, Jorge Díaz explicou que “se trata dun novo espazo cuberto para reforzar e mellorar a práctica do atletismo, co que damos unha cobertura a unha necesidade básica pois así poderán exercitarse en temas es-

pecíficos vinculados co atletismo, complementando e mellorando as actividades de ximnasia. Servirá de apoio tanto nos días crus de inverno como nos días de verán ou máis levadeiros durante todo o ano”.

O concelleiro de Deportes contou que “será unha estrutura metálica de 6 metros de longo por 6 metros de ancho por 3 metros de alto, que ten un custe de 12.000 euros”.

## O punto limpo móbil continúa o seu servizo polas parroquias

O punto limpo móbil, adquirido polo Concello para dar servizos ás parroquias, continúa o seu servizo. Despois de que na primeira semana estivera en Vilaselán, estará situado do 12 ao 26 de xaneiro no campo da festa de Piñeira; do 26 de xaneiro ao 9 de febreiro na área recreativa de Vilaframil; do 9 ao 23 de febreiro estará no Círculo Habanero na Devesa; do 23 de febreiro ao 9 de marzo no campo da festa en Santalla de Vilausende; do 9 ao 23 de marzo a carón da escola de Couxela; do 23 de marzo ao 5 de abril na escola de Cedofeita; do 5 ao 20 de abril a carón da escola de

Couxela; e do 20 de abril ao 4 de maio no teleclub de Arante.

Unha vez rematada esta primeira quenda en maio, seguirá a segunda rotación na mesma orde e así ata principios do 2024. O calendario xa está feito e comezou a aplicarse.

Tamén se colocou un punto limpo de proximidade en Rinlo e adquiriuse este móbil no que a veciñanza das parroquias de Ribadeo poderá depositar residuos domésticos como aceite usado, pilas, aparatos electrónicos pequenos, luminarias, CDs, DVDs, radiografías, cápsulas de café, etcétera.



## EN BREVE

**FORTE SAN DAMIÁN.** En 2024 fanse 400 anos da construción do forte de San Damián, un dos edificios máis emblemáticos de Ribadeo. Por iso a semana do 10 ao 28 de febreiro comeza un ciclo de eventos que buscan divulgar a súa historia e con ela a das épocas que atravesou. Comezará o día 10 coa inauguración ás 18.00 horas e a participación do cronista oficial Eduardo Gutiérrez que dará paso a unha charla coloquio sobre o Forte. Todo elo na Casa do Viejo Pancho. O sábado 11 haberá unha visita guiada ao interior ás 12.00 horas.

**FORMACIÓN NO RURAL.** O vindeiro 11 de febreiro arrinca unha nova edición do Plan de Formación Rural. O primeiro obradoiro terá lugar na Escola de Cinxe os días 11 e 12 de febreiro e será de elaboración de queixos. Impartirase o sábado en horario de 10 a 15 horas pola mañá e de 17 a 20 horas pola tarde e o domingo de 10 a 14 horas. A Escola de Remourelle acollerá un obradoiro de poda de froiteiras o 18 de febreiro, na de Vilaselán será un obradoiro sobre elaboración de pan e na de Cedofeita de inserto de froiteiras.

**ACTÍVATE.** O obradoiro de emprego Vilas Coidadoras pon en marcha o programa para ofrecer ao colectivo de persoas maiores talleres culturais que se impartirán nas distintas escolas parroquiais a través dos cales, as persoas asistentes terán a oportunidade de desfrutar de actividades como ximnasia, risoterapia, pintura, lectura, xogos de mesas, taller de modelado, taller de arxila, etc. As persoas interesadas poden inscribirse chamando ao teléfono 676 892 819 ou nas escolas das parroquias.

**CAMIÑOS.** O Concello realiza obras nos camiños das parroquias neste inicio de 2023. En total o investimento ascende a 700.000 euros, que son financiados a través do Plan Único da Deputación e con fondos propios municipais. Estarán nos barrios e parroquias de Vilausende, Cedofeita, Couxela, Ove, Vilaframil, Arante, As Anzas, Remourelle, Piñeira e Vilaselán.

**ESCOLAS DEPORTIVAS.** Foron asinados os convenios coas escolas deportivas de inverno do Concello de Ribadeo. Son 11 as modalidades que se imparten no curso 2022-2023 e ás que asisten 470 nenas e nenos. Hai 11 modalidades: fútbol sala, tenis de mesa, ximnasia rítmica, pádel, natación, fútbol, atletismo, hóckey, patinaxe, baloncesto e tenis.



## EN BREVE

**IOGA.** O Concello de Alfoz pon en marcha clases de ioga na escola de nenos de Adelán co obxectivo de promocionar o deporte e hábitos saudables na poboación. Nestas xornadas haberá dúas quendas, a do grupo A que será os martes e xoves de 17.00 a 18.00 horas e a do grupo B os martes de 18.30 a 19.30 horas. Para máis información haberá que poñerse en contacto co Concello chamando ao 982 558 001.

**FEIRA DO TRECE.** A Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido celebrará o sábado 17 de xuño no Lugar do Trece esta tradicional feira onde os asistentes poderán adquirir produtos da zona ademais de cerezas e obxectos de artesanía, gozar coa sesión vermú, xantar un menú típico e deleitarse cun desfile de zocas. Durante a xornada adoita haber música tradicional, mostras de adestramento canino, cea e baile... e outras actividades. Ademais haberá concurso de gando con premios para o maior número de vacas e cabalos, para o mellor cabalo ou besta de montura, a mellor vaca e o mellor cabalo ou besta de tiro.

## Vanse mellorar as beirarrúas da Seara cunha achega



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde de Alfoz, Jorge Val, un convenio de colaboración para a reparación e remate das beirarrúas no núcleo da Seara. Con este acordo, a institución provincial achega 140.000 euros ao Concello mariñao para dotar de máis e mellores servizos á veciñanza.

Os traballos realizaranse na LUP-0202, a ambos lados da mesma, a través da actuación máis axeitada, xa sexa cun pavimento continuo ou cun pavimento de lousas prefabricadas. Esta actuación reparará as beirarrúas

do inicio ao punto quilométrico 0,220. Por outra banda, levarase a cabo a mellora dende o quilómetro 0,555 ao 0,760, coincidindo este tramo co Centro de Saúde, o campo de fútbol municipal e a Igrexa de San Pedro de Mor. A institución provincial investiu en 2022 preto de 420.000 euros no Concello en diversas actuacións coma esta que se levará a cabo na Seara. Así mesmo, contou cun orzamento de 132.000 euros para o acondicionamento de camiños e actuacións no Castelo de Castrodoiro e a instalación de alumeadado público con 17.100 euros.

## O Castelo organiza a festa de Entroido para o día 20

A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo en colaboración co Concello de Alfoz organizará a festa de Entroido o vindeiro luns 20 de febreiro.

A celebración será no pavillón municipal e contará cun desfile de disfraces dotado con 1.500 euros en premios no que poderán participar nenos, adultos, charangas e haberá tamén dous premios especiais para comparsas e charangas. As inscricións serán de xeito presencial o día do desfile a partir das 19.30 e ata as 21.00. Para inscribirse necesitárase un representante legal por cada grupo, que será o responsable de dito grupo.

As categorías do concurso serán individual, parellas (dúas persoas) e grupos (3 ou máis) tanto en infantil coma en adulto. Haberá unha categoría extra para comparsas e charangas.

A categoría infantil comprende idades ata os 15 anos (inclusive). As parellas infantís deberán estar formadas por dous menores de 15 anos. No caso de grupos, conside-



rarase infantil cando aprox. o 60% dos integrantes non superen os 15 anos. As persoas que desexen desfilar con música en concreto deberán aportala no momento da inscrición.

Os actos comezarán ás 19.30 horas coa apertura de inscricións e xa ás 21.00 horas comezará o desfile. Ao rematar haberá baile amenizado pola orquestra Compostela.

## o valadouro

### José Manuel Lamela repite como candidato do Partido Popular

José Manuel Lamela repetirá como candidato do PP á alcaldía do Valadouro, onde xa foi rexedor entre o 2011 e o 2013, despois de formar parte do equipo de goberno durante 16 anos. Lamela trasladoulle o seu agradecemento por asistir á proclamación da súa candidatura e aposta pola renovación dun equipo "comprometido co Valadouro". O obxectivo, dixo, é volver gañarse a confianza dos veciños e veciñas do municipio para dar resposta ás súas necesidades e para ser unha alternativa real de cara ás vindeiras eleccións municipais.

O candidato do PP considera necesario "conservar e manter os distintos servizos do municipio, como son as estradas, o saneamento, o alumeadado público e todo aquilo que precisen os veciños e veciñas". "Temos un proxecto serio, centrado no noso territorio e que defende iniciativas para mellorar a calidade de vida dos veciños e dinamizar a actividade económica do noso concello", resaltou.

### Nova edición da Concentración de motos do Valadouro

O Moto Club Valadouro xa publicou o cartel da XXVI Concentración de motos que terá lugar os días 5, 6 e 7 de maio na localidade mariñá.

A xornada do venres 5 comezará ás 18.00 coa apertura das inscricións que contará cunha cervexa de benvinda, seguida da pinchada moteira que terá churrasco, tortillas, empanada, chourizo, pan e sobremesa. Acto seguido haberá un concerto a cargo do grupo Rockvival.

O sábado 6 ás 9.00 horas poderase visitar o mercado semanal e ás 11 comezará unha pequena ruta moteira a que seguirá un xantar no polideportivo. Pola tarde os nenos poderán desfrutar de inchables gratuítos e dunha exhibición acrobática.

Pola noite os participantes poderán desfrutar da cea e da exhibición acrobática, todo isto amenizado pola orquestra Garibaldi. Xa ás 00.00 fase a gran queimada popular amenizada polo Disco Móbil Decibelios e de novo a orquestra Garibaldi.

O domingo día 7 comezará cun almorzo e unha ruta turística ás 11.00 horas, para despois desfrutar dun



xantar de despedida no polideportivo.

Tamén haberá trofeos e sorteos de agasallos para os motoclubs máis numerosos, aos pilotos máis lonxanos, o máis veterano, a bandeira máis orixinal e a Miss ou Mister concentración.

Para poder participar haberá que inscribirse por un prezo de 40 euros para todas as xornadas ou de 30 para media xornada. Estas inclúen camiseta, pin, mochila, pegatina, cervexa de benvinda, pinchada do venres, xantar e cea do sábado, queimada, almorzo do domingo, pinchos en ruta, xantar do domingo, pavillón gratuito con duchas e os sorteos.

## O Concello será o epicentro da gandaría

O Valadouro converterase este mes de febreiro no epicentro da gandaría comezando o sábado 4 coa IV Feira de razas autóctonas e que será a partir das 10.00 horas e repartirá máis de 5.000 euros en premios. Seguirá o sábado 11 cunhas conferencias agrogandeiras, competicións de cabalos con concurso de andadura galega e unha ruta de tapas con carne de razas autóctonas.

**CONCURSO ANDADURA.** O próximo 11 de febreiro durante a feira de razas autóctonas de Ferreira do Valadouro celebrárase o Concurso de andadura galega serrada e chapeada. As medicións dos cabalos de menos de 1,50 realizaranse desde as 11.00 horas e a partir das 12.30 horas celebrárase a carreira de cabalo marchador galego de menos de 1,50, e despois das 16.00 horas será o de máis de 1,50.



As inscricións poderanse facer por WhatsApp nos seguintes números: 654 168 541, 658 846 529, 646 113 287 e 663 985 785 para o concurso de andadura, e o 689 419 722 para o de C.M.G.

**FEIRA DO GANDO.** O seguinte sábado, o día 18, celebrárase a Feira de Gando pola mañá e na que se repartirán máis de 1.000 euros en premios. A inscrición está aberta ata o día 15.



## O Concello repartirá 4.910 euros en premios no desfile de Entroido

O Concello presenta o programa definitivo do Entroido 2023 que destaca porque o venres 17 de febreiro haberá un baile infantil de disfraces amenizado polo disco móbil Conxuro.

O sábado 18 de febreiro desenvolverán as actividades centrais do Entroido e que comezarán ás 17.00 horas co desfile polas rúas de Xove, con saída da contorna do Campo Municipal de Fútbol e chegada ao Centro Cívico. Durante o desfile e ao remate do mesmo contarán coa amenización e actuación da Mekánika Rolling Band. Unha vez rematado o desfile e a actuación da Mekánika Rolling Band, haberá festa rachada no pavillón ata altas horas da madrugada. Esta festa, que vai ser tamén un baile de disfraces, vai ser amenizada primeiro pola disco móbil Conxuro.

No intermedio entregaranse os premios infantís do desfile e despois será a actuación do grupo Fénix, e despois farase a entrega dos restantes premios na categorías adultos do desfile. A festa continuará no pa-



villón ata altas horas coa disco móbil. Para participar será necesario a previa inscrición no Concello, na oficina do Técnico de Cultura ata o 17 de febreiro incluído, ou ben, chamando por teléfono ao 982 592 001. Tamén o mesmo día do desfile. O gran desfile de Xove vai repartir 4.910 euros en premios, recollidos nas diferentes categorías, e ademais haberá un agasallo para o disfrace máis orixinal, ao conxunto máis numeroso, ao participante máis maior e ao participante máis novo.

**CONCURSO DE CARETAS.** A Biblioteca pon en marcha unha nova edición. Poderá participar calquera neno ou rapaz empadroado no Concello en idade escolar desde preescolar ata 4º de ESO.

A documentación a presentar é a ficha de inscrición establecida ao efecto que deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar, na Biblioteca Municipal, con data límite 10 de febreiro de 2023. Segundo a idade, haberá cinco categorías.

### EN BREVE

**A MEDELA.** A asociación equina A Medela de Xove informou que xa teñen data para a súa ruta equina e que será o domingo día 19 de marzo de 2023. O programa aínda está sen desvelar malia adoirar engadir un xantar de confraternización, animación musical e sorteos ademais do propio percorrido cos cabalos polo municipio.

**MARTELOS COSTA NORTE.** A asociación Martelos Costa Norte prepara para o vindeiro domingo 19 de febreiro unha chocalada benéfica en favor de Nico Contra el Cáncer Infantil, unha asociación que fomenta a investigación do Neuroblastoma infantil. Esta acción, que será na praza Maior de Viveiro dende as 16.00 ás 20.00 horas, contará con actividades de ocio e animación adicadas aos máis cativos da casa. A aportación será de 3 euros e inclúe un chocolate, churros ou pastel.

**GRIPE AVIAR.** A Consellería do Medio Rural comunicou ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA), a detección de catro exemplares de gaviotas afectados por influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP). De estes catro exemplares, tres son da especie gaviota patiamarela e foron achados nos concellos da Coruña, Xove e Vilagarcía de Arousa e o cuarto, de Sada, é gaviota reidora.



## Entregados os premios do Concurso de Postais de Nadal

O Goberno local de Xove, puxo en marcha a finais de novembro do pasado ano unha nova edición do Concurso de Postais de Nadal.

Segundo idade, houbo cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías concedéronse tres premios.

Na categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos) os galardoados foron María Moreira Rego, Anaïs Romero Suárez e María García Val. Na categoría 1º e 2º de

Primaria os premiados foron Azucena Fernández Riveira, Adrián Rego García e Leila Alcalde Fernández.

Na seguinte categoría, a de 3º e 4º de Primaria, Felipe Barrantes Domínguez, Luka Purriños García e Nicolás Purriños García.

En 5º e 6º de Primaria, Paula Sánchez Pernas, Andrés Alcalde Fernández e Óscar Bértolo Casabella. E xa por último na de 1º a 4º de Eso os agasalados foron Daniel Bértolo Casabella, Carla Casabella Puñal e Andrea Eijo Rodríguez.

## Aprobado o orzamento para este ano 2023

Aprobouse definitivamente o orzamento municipal do Concello de Xove e que ascenden a un total de 7.740.000 euros, 1,2 millóns de euros menos que no exercicio anterior, derivado principalmente da situación de Alcoa.

No capítulo de gastos, o Concello reparte nas operacións correntes 3.317.199,60 millóns para gastos de persoal, 3.195.830,40 millóns son para bens corrientes e diferentes servizos e 527.500 euros para transferencias e gastos financeiros dos que 65.000 son para axudas do plan de emprego municipal, 59.000 para subvencións ao estudo e o resto son axudas para diferentes asociacións culturais e deportivas.

Dentro destes orzamentos destaca o capítulo de investimentos reais aos que se destinan 699.470 euros. "O orzamento baixou respecto ao ano pasado, pero aínda non moito derivado da situación de Alcoa", explicou o alcalde.



Na partida de inversións, 50.000 euros son para a mellora da rede de abastecemento, 215.000 do Plan Único e arredor duns 400.000 euros destínanse para a mellora da rede viaria.

De novo Xove é un dos primeiros concellos da comarca en ter listo o orzamento e estes case que sete millóns de euros permitirán seguir financiando a entidades e clubs, ademais de apoiar a parte social, con subvencións de axuda ao estudo e ao emprego local.

### o vicedo

## O Fuciño do Porco seguirá pechado ata novo aviso



O Fuciño do Porco seguirá pechado ata novo aviso xa que as chuvias desta semana agravaron o deterioro que sofre o acceso ao enclave natural.

"Debido aos danos xerados polos continuos temporais das últimas semanas, O Fuciño do Porco permanecerá pechado de forma indefinida ata reparar os danos ocasionados nas primeiras escaleiras de acceso", dixeron dende o Concello.

A Autoridade Portuaria Ferrol-S. Cibrao, a entidade con competencia na zona afectada, vai elaborar un proxecto de reparación que garanta

a seguridade do paso. Así, enviarán técnicos ao lugar para avaliar e analizar as zonas afectadas.

En canto quede aberto de novo o paso informarase para poder visitar e desfrutar de novo deste enclave natural.

**FUTBOLÍN.** O Bar Goretti acollerá o vindeiro sábado 11 o I Torneo de Fútbolín. Habera premios para os primeiros e segundos clasificados. Para participar será necesario anotarse chamando ao 634 811 685.



## Rematados os traballos dos vestiarios do pavillón

O Concello de Trabada anuncia a finalización dos traballos de mellora nas instalacións do pavillón polideportivo de Sante. O proxecto permitiu acondicionar novos vestiarios nas instalacións, para lograr un maior aproveitamento do pavillón, así como substituír a porta principal por unha de maiores dimensións. Dende o Goberno local deuse prioridade a esta actuación, moi necesaria para a parroquia de Sante. Ademais, no pavillón de Sante realizáronse anteriormente outros traballos, como a substitución da cuberta ou o cambio das luminarias. Estes traballos no pavillón de Sante súmase a outros traballos de mellora dos equipamentos deportivos do municipio. Entre esas obras, inclúense a mellora e equipamento do ximnasio municipal e os vestiarios do pavillón de Trabada, a construción da pista de pádel municipal ou as obras de instalación dunha pista multideporte no CEIP Plurilingüe Celso Currás.



“Dende o Goberno local marcámonos como obxectivo ampliar e mellorar os equipamentos deportivos do municipio. Esta infraestrutura renovada súmase a outros equipamentos novos ou reformados, que amplían as opcións deportivas de Trabada”, explica Mayra García Bermúdez, alcaldesa de Trabada.

## O Concello quiere renovar a cuberta da casa consistorial

O Goberno local solicitou unha nova subvención, neste caso de 20.000 euros, para a renovación da cuberta da casa consistorial. Unha vez máis, foi a propia alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, a que considerou idónea esta convocatoria para o Concello e a que encargou a realización da memoria técnica presentada. “Nestes casos é cando se comproba que somos un goberno que planifica, que ten proxectos e que, en definitiva, traballa con previsión”, afirma. Trábase de novo dunha convocatoria en concorrencia non competitiva. A necesidade da intervención xustifícase nas deficiencias detectadas na cuberta do edificio. Trátase de roturas e desprendementos, así como de moitas pezas que chegaron ao final da súa vida útil. Isto provoca unha deficiente impermeabilización e por tanto humidades no interior.



O aspecto exterior da edificación, coa fachada recentemente renovada, presenta unha imaxe deficiente dende aqueles puntos máis altos nos que se pode observar o contraste co estado da cuberta, o que fai que a integración na contorna non sexa a máis adecuada para a contorna paisaxística. Polo tanto, a actuación proposta constituirá unha notable mellora, reducindo o impacto paisaxístico do edificio,

que se sitúa no trazado do Camiño Norte de Santiago. As actuacións consistirán no desmontaxe das pizarras de cuberta existente. Nivelarase con madeira de castiñeiro naquelas zonas nas que sexa preciso por non presentar unha planeidade perfecta. Sobre esta formación de pendentes colocárase unha lámina impermeabilizante de EPDM e a cuberta será similar á existente, de pizarra.

## O PSOE acusa ao alcalde de constantes “tics autoritarios”

Os socialistas de Riotorto denuncian os “constantes tics autoritarios do alcalde, que merman a calidade democrática no municipio”, ao impedir o acceso a información relativa ao funcionamento do Concello á que teñen dereito os membros da Corporación. O voceiro do PSdeG, José García Freije, explica que rexistrou varios escritos. “Fai máis de 6 meses, solicitamos acceder ao expediente da residencia de maiores, así como ao rexistro de entrada e saída ordinario dos asuntos do Concello”, explicou. Así mesmo, en setembro de 2022, “volvemos a presentar outro escrito, no que requiríamos os anteriores expedientes, e onde ademais deixamos constancia por escrito de que o Concello non estaba realizando as lecturas correspondentes dos contadores do 2º cuatrimestre do ano, polo que se estaba alterando o consumo real nos fogares do municipio”. Sen embargo, “unha vez, máis atopamos coa calada e a incompetencia política por resposta”, afirmou o Voceiro socialista, quen recalca que os concelleiros “temos dereito por Lei ao acceso de expedientes”.

## Riotorto terá unha festa de Entroido infantil

O Concello de Riotorto organiza unha festa de Entroido infantil o martes 21 de febreiro. A xornada, que será de 17.00 a 20.00 horas, contará con inchables e talleres ademais do tradicional desfile. Despois da festa ás 20.00 horas, que se celebrará no pavillón polideportivo, poderase desfrutar de chocolate con churros. Para participar non será necesario anotarse previamente no Concello.



**CENTROS VECIÑAIS.** O Concello tamén organiza un ano máis unha comida de Entroido, que terá lugar o mércores 15 de febreiro. A xornada dará comezo ás 14.30 horas e estará amenizada por un dúo musical aínda sen confirmar. O menú, que ten un prezo de 20 euros por persoa, inclúe sopa, cocido completo, sobremesa e bebidas. A data límite para anotarse é o 13 de febreiro, e terá que facerse nos centros veciñais con preferencia para as persoas inscritas nas actividades.

**PODOLOXÍA.** Durante marzo tamén se ofrecerá unha nova sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo, que ten un prezo de 15 euros, está financiado polo Concello e terá lugar o 9 de marzo. Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiránse varias veces durante o ano. Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas.

## Recuperan a Feira do Ferro tras tres anos

A XIV edición da Feira da Artesanía do Ferro volverá este ano celebrarse o 16 de abril tras tres anos sen festa por mór da pandemia. Esta cita, que está organizada pola Asociación de Ferreiros e o Concello de Riotorto, convoca a XIV edición, que foi suspendida con case todo listo no ano 2020, cando no mes de marzo, se declarou o confinamento. A organización do evento fará público o programa no mes de marzo pero espérase que novamente conte con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, alfarería e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís. Normalmente esta celebración conta tamén con outro tipo de espectáculos musicais e postos de comida durante todo o día no que é un dos días grandes de Riotorto.



**TRADICIÓN.** A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Na actualidade na zona hai aproxi-

madamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”, din dende a asociación.



## a pontenova

## As Minas organiza a festa de Entroido para o 18 de febreiro

A asociación As Minas da Pontenova organiza en colaboración do Concello unha festa de Entroido para o sábado 18 de febreiro a partir das 23.30 horas no local das sociedades.

Así, durante a xornada haberá un desfile que comezará ás 1.30 horas e a entrega de premios ás 3.00 horas. Haberá premios por categorías que serán para grupos, parellas e individuais. As charangas e comparsas non entran no concurso.

Dende a organización informaron de que a música das coreografías debe ser en formato mp3, e haberá que anotarse ese mesmo días.

Ademais, para ir amenizando a festa e quecendo motores, haberá unha ruta das tapas do Entroido polos bares do pobo



dende as 20.00 horas nos locais bar Puente, Rony bar, O Lar de Balbina, restaurante San Briz e na casa da cultura. Serán tapas que se poderán desgutar produtos típicos destas datas.

## Remata a campaña solidaria da Pontenova, a Operación Kilo



A Asociación Cultural e Deportiva As Minas da Pontenova deu por finalizada a campaña de recollida, Operación Kilo, de alimentos, roupa e xoguetes que comezou durante o Nadal.

Agora serán entregados a Cruz Vermella e Cáritas. Dende a organiza-

ción quixeron agradecer a "todos os que desinteresadamente participaron nesta iniciativa e tamén ós establecementos que axudaron facendo de puntos de recollida".

"Para o ano que ven seguiremos colaborando con tanta ou máis ilusión e ganas", remataron dicindo.

### EN BREVE

**NEIPÍN.** O vindeiro sábado 11 de febreiro a parroquia de Neipín, na Pontenova, organizará as festas na honra de Santa Apolonia. A festa dará comezo ás 13.00 horas coa misa solemne e a sesión vermú amenizada polo trío La Noche de O Grove quen será o encargado de amenizar a gran verbena da noite xunto co DJ Alejandro Martínez. A organización lembra que haberá campo cuberto para gardarse das inclemencias meteorolóxicas.

**ITV.** A unidade móbil de inspección técnica de vehículos estará na Pontenova no mes de marzo, concretamente do 1 ao 8. A estación itinerante estará na chousa da Veiga do 1 ao 8 de marzo en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás o día 8 que será só de mañá. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com). A organización lembra que non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

## vegadeo

## Vegadeo súmase un ano máis á campaña de compostaxe doméstica

O Concello de Vegadeo súmase un ano máis á campaña sobre compostaxe doméstica no que convidan a todos os veciños a comezar con está boa e medioambiental iniciativa.

Os participantes recibirán un colector de compostaxe, a formación necesaria para manexar e facer un compost de calidade, unha guía de consulta e ademais poderán asesorarse co servizo de Educación Ambiental de Cogersa.

Para participar haberá que ter un horto ou xardín na vivenda habitual ou preto dela, comprometerse a usar a compostadora de maneira cotiá, asistir a xornada formativa e a sesión de reforzo que se fará no outono. O formulario de inscrición e o folleto con toda a información xa están dispoñibles e as inscricións están abertas ata o 28 de febreiro no Concello de Vegadeo.

Para máis información poderase chamar ao teléfono 900 141 414 ou consultar na web [www.compostacogersa.es](http://www.compostacogersa.es).

## O auditorio Félix Menéndez acolle os Encontros Teatrais IES Elisa e Luís Villamil



O auditorio Félix Menéndez acollerá para este primeiro trimestre do ano os Encontros Teatrais IES Elisa e Luís Villamil. Esta cita cultural que xa comezou será durante todos os domingos, exceptuando o 18 de febreiro e ata o 26 de marzo. A entrada é gratuíta.

O día 12 chegará *La llave en el desván* de Odisea Teatro e o 26 *Cinco cuentos de Grimm contados por un abuelo orondo y un gato sabiendo* do Grupo de Teatro de la Ribera porá fin ao mes.

Xa en marzo, a primeira será o día 5 *Baile de huesos* do Grupo de Teatro

Andanzas, o 12 *Pareja abierta* de La Capacha Teatro, o día 19 Teatro Kumen representará *La comedia de las mentiras* e o 26 *Cuatro corazones con freno y marcha atrás* de La Trastienda rematará os encontros.

**CINEMATECA.** A Cinemateca Ambulante recala na casa de cultura con varias proxeccións nas próximas semanas. Serán no auditorio Félix Menéndez, ás 20.00 horas. O mércores 1 de marzo estréase o mes coa película *Entre las olas*, de Anís Volpe.

## Volven as actividades da primavera a Vegadeo

**BOLILLOS.** Vegadeo recupera o vindeiro sábado 11 de marzo o seu encontro de bolillos e que acollerá a preto de 400 palilleiras tradicionais, expositores e outras sorpresas. Esta cita, que chega a súa cuarta edición, será no pavillón do recinto feiral en horario de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas.

**ENTROIDO.** A Comisión de Fiestas de Vegadeo 2023 organiza para o vindeiro venres 17 de febreiro a festa de Entroido na que contarán co grupo Origen para animar o baile e cunha gran churrascada para os asistentes. Ás 21.00 horas comezará o gran desfile de Entroido polas rúas de Vegadeo que contará con grandes premios. E ás 00.30 horas será a gran festa co grupo Origen e Alejandro Martínez. Xa a partir das 23.00 horas será a cea que terá un prezo de 15 euros anticipada, e se tan so se quere ir á festa serán 3 euros. Para a churrascada será necesario mercar os tickets aos membros da comisión ou na librería Casa Pérez, librería Patefa ou librería San Pedro. Para o desfile haberá que inscribirse online previamente antes do xoves 16 o mesmo día do evento entre as 13.00 horas e as 16.00 horas na piscina municipal.



**TUTE.** O vindeiro sábado 18 de marzo o pavillón do recinto feiral de Vegadeo acollerá o I Maratón de Tute. As partidas comezarán ás 17.00 horas e contará con 128 parellas. Haberá premios para os catro primeiros clasificados, así como dúas roldas de repesca. Ademais contarán cun premio especial parella feminina mellor clasificada nos pases. Tamén terán un menú cea que constará de sopa de cocido, cabeza de porco, chourizos, patacas e verdura, café, viño e bebidas. Para participar é necesario anotarse antes do 10 de marzo chamando ao 650 668 000 ou no e-mail: [feriavegadeo@vegadeo.es](mailto:feriavegadeo@vegadeo.es). A inscrición ten un prezo de 100 puntos por parella e está incluída a cea.



## O Concello quere achegar a Sargadelos a cobertura de internet



Tras moitos meses de xestións comezaron os traballos para mellorar as redes de telecomunicacións no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos cun obxectivo que pasa por “favorecer e facilitar a actividade no Centro de Emprendemento e Artesanía”. Así, o Concello xa facilitou o entronque da liña, e abonou os dereitos de extensión e engancho, para instalar agora unha torre no monte municipal da Escarabelada, que alimentará a empresa adjudicataria da subvención para despregar redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados que carecen do servizo, como é o caso da parroquia de Sargadelos. **LoRaWAN.** O Concello tamén vén de despregar unha nova rede de co-

nectividade inalámbrica que nunha primeira fase permitirá facilitar o día a día dos gandeiros pero que ofrece múltiples posibilidades como o seguimento e rastreo de persoas maiores ou nenos, para contedores de auga intelixentes, sensorización de niveis de lixo, calidade da auga, sensorización de máquinas ou seguimento de persoas en rutas de sendeirismo, entre outras moitos usos. No local social de Trasbar é onde se instalou unha das cinco antenas que garantirán a cobertura na totalidade do termo municipal. O despregue desta rede de comunicación inalámbrica por medio da instalación destas 5 antenas supón un investimento de case 6000 euros.

## Convocado un ano máis o certame de amor na rede

Foi convoca un ano máis e con motivo do Día dos Namorados o tradicional certame de amor na rede que xa vai pola IX edición.

Nesta ocasión os traballos deberán compoñerse baixo á idea do Amor Propio ou “autoamor”, “no que será unha homenaxe a un mesmo. Todos os interesados poderán presentar o seu traballo en tres formatos diferentes: unha carta que non

supere o espazo dun DIN-A4, un vídeo que non supere a duración de un minuto, ou unha foto.

O prazo de presentación remata o domingo 12 de febreiro. Poderán enviarse a través do correo electrónico cervocultura@gmail.com ou a través do Whatsapp 683 315 939. Os gañadores publicaranse o mércores 15 de febreiro nas redes sociais do Concello de Cervo.

## Invisten na mellora do firme da rúa dos Campos en San Cibrao

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, a tenente-alcalde, Dolores García Caramés e a edil de Obras, Mali Méndez, despráronse ata San Cibrao, para supervisar a actuación de mellora do firme da Rúa dos Campos, no centro da vila.

Tal e como explicaron, a actuación, que abrangue unha superficie de 1500 metros cadrados, supón un orzamento de preto

de 50.000 euros-47.198 euros concretamente- financiados integramente con fondos municipais e responde ao obxectivo de ir mellorando, pouco a pouco, o asfaltado daquelas zonas do noso municipio que o precisen polo desgaste provocado polo paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas, para mellorar a seguridade, neste caso, do tráfico rodado.

## Comezan as melloras en Laxes, O Bidueiro e a estrada de Vilar

O Concello comezou os traballos de mellora da vía que transcorre polos núcleos de Laxes, O Bidueiro e a estrada de Vilar, na parroquia de Sargadelos, aumentando o seu ancho co obxectivo mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria na zona.

Esta actuación que supón un orzamento que supera os 195.000 euros -195.107,52 concretamente- financiados con fondos do Plan Único. O obxecto desta obra é realizar unha renovación do firme da zona, cubrindo todo o ancho da vía, o que proporcionará unha amplitude suficiente para o tránsito de vehículos en ámbalas dúas direccións, mellorando a seguridade viaria.

**SARGADELOS.** Tamén se está a realizar unha mellora integral no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos, como lugar emblemá-

tico do municipio polo seu gran valor natural e patrimonial.

Neste sentido, a administración local vén de crear un novo aparcamento público nunha parcela municipal situada na parte traseira do antigo edificio das Carboeiras, que supuxo un investimento de preto de 70.000 euros, e que ten capacidade para máis de 50 vehículos. Tal e como explicou o rexedor, Alfonso Villares, “este novo aparcamento foi concibido co obxectivo de seguir a traballar na posta en valor de toda esta contorna privilexiada” con elo imos conseguir o obxectivo de “eliminar a presenza de vehículos das marxes da vía principal para mellorar a seguridade e tamén o impacto visual nesta zona”. Así, as persoas que visiten o Conxunto Histórico xa teñen unha alternativa real e práctica para estacionar os seus vehículos sen in-

terferir na panorámica da zona.

“A liberación de tráfico desta estrada permitiranos”, engadiu Villares, “fará máis atractiva a visita a este enclave, que é un dos puntos con maior valor turístico e patrimonial do noso municipio. Para este fin, vaise acondicionar o firme diante do antigo edificio das Cabalerizas que hoxe alberga o Centro de Emprendemento e Artesanía, limitando o seu tránsito exclusivamente para uso peonil”.

Villares recordou ademais, que esta nova infraestrutura, que conta co aval de Patrimonio, tamén servirá para potenciar os negocios establecidos neste espazo para o emprendemento “que impulsamos desde o Concello de Cervo, xa que permitirá aumentar a afluencia de visitantes ao verse incrementadas as posibilidades de estacionamento na zona”.

### EN BREVE

**AXUDAS.** O Goberno local concedeu de novo as axudas dirixidas ás Anpas dos distintos centros escolares do municipio. Así, o rexedor e a edil de Educación, Dolores García Caramés, fixeron entrega das contías correspondentes ás Anpas do CEIP de Cervo, o CEIP Península da Paz e o IES Marqués de Sargadelos. Tal e como sinalou o alcalde, “con esta liña de axudas pretendemos brindar un apoio económico para que as asociacións de pais e nais poidan facer fronte aos seus gastos de funcionamento, e así poder contribuir no fomento de actividades educativas e lúdico-culturais que buscan reforzar o progreso formativo do alumnado”.

**SANCITAPEANDO.** A hostalaría de San Cibrao volve acoller unha edición máis da proposta gastronómica dos xoves co Sancitapeando, en colaboración do Concello. A esta iniciativa están adheridos cinco locais Bar O Faro, Terraza O Noso Lar, Aquelarre, Las Titas, pizzería O Trasgo e Mesón A Bodega, que servirán do 12 de xaneiro ata o 1 de xuño, unha tapa diferente, elaborada, a un prezo de 2.50 euros. Os clientes terán a posibilidade de participar nun sorteo de dous vales, de 200 euros e de 100 euros, para gastar nos locais participantes; que se celebrará cada dous meses. Para para facer un seguimento das tapas que se servirán cada semana habilítouse a conta de facebook @ SANCITAPEANDO.

## Instalados reciclapelotas nas pistas de pádel



Foron instalados recipientes reciclapelotas nas pistas de pádel da Veiga, como complemento ás múltiples iniciativas que se levan adiante nesta materia co fin de dar cabida á reciclaxe nos múltiples ámbitos do día a día.

Estes elementos están fabricados con excedentes dos contedores destinados á recollida de residuos mariños e teñen unha capacidade de aproximadamente 300 pelotas, que son recollidas e reutilizadas para diversas actividades educativas, ou poden servir como elemento decorativo para os adornos municipais, como os propios bonecos de neve que se instalaron nas diferentes parroquias durante o Nadal, entre outros usos.

**MELLORAS.** Tamén se levaron a

cabo melloras nas dúas pistas de pádel. O edil de Deportes, David Rodríguez, comprobou in situ o resultado dos traballos que consistiron na instalación de lonas de PVC que permiten dotar a instalación de opacidade favorecendo as condicións do xogo “que non se verá condicionado por factores meteorolóxicos externos, como o sol ou o vento que é moi habitual nesta zona”.

Ademais, fixéronse traballos de mantemento nos dous terreos de xogo “redistribución da area, verificación das xuntas e unha limpeza profunda para manter estas instalacións públicas na mellor das condicións”. Ao mesmo tempo habilitaron un vestiario que poderá ser utilizado por todas as persoas usuarias do complexo deportivo.



# “Estamos dándolle moita forza a todo o que é Sargadelos”

Alfonso Villares é o rexedor cervense desde 2007

É veterinario de profesión, foi concelleiro do PP en Cervo dende 1995 e nas eleccións municipais de 2007 foi elixido alcalde con maioría absoluta, como nas tres últimas eleccións municipais do 2011, 2015 e 2019.

## Que balance fai deste mandato?

Neste mandato o que destaca é que podemos seguir mantendo o nivel de servizos públicos exercidos directamente dende a Administración. Eu creo que isto é un éxito pois somos un dos poucos concellos de Galicia que exerce directamente a maior parte dos servizos con traballadores públicos como son o SAF, a axuda de dependencia, a escola infantil, a piscina olímpica, a recollida de lixo, o servizo de augas, etc. É unha aposta por dar os servizos sen intermediarios con outras empresas.

## Como se consegue isto?

Conséguese co compromiso de todos os traballadores e gracias a todos eles pódese manter esta boa maneira de facer nestes tempos de dificultade económica. Mantemos un equilibrio económico bastante estrito xa que non gastamos máis do que temos, nin endebedamos ao Concello de Cervo nin ás futuras corporacións.

## Estiveron a facer melloras no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos, xa fixeron o centro de emprendemento e fai pouco remataron o aparcadoiro.

Sí. Estamos dándolle moita forza a todo o que é Sargadelos onde creamos un centro de emprendemento que se formulou para poñer a disposición dos autónomos e artesáns o edificio a moi baixo custe para que os puideran utilizar. É unha maneira de gañar todos, pois gaña a Administración por que se lle dá uso aos edificios, gañan eles porque po-

den ter un lugar de traballo accesible, e gañamos todos porque conseguimos que o Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos estea cheo de vida. No relativo ao aparcamento, é outra boa medida pois está nun lugar que non ten impacto visual e así pódese deixar libre de vehículos todo a fronte do Conxunto Histórico e que se vexan e luzan as ‘caballerizas’ e as carboeiras. Soamente deixamos unha zona de tránsito peonil. Ademais estamos a preparar outro paseo peonil seguro dende a Cerámica de Sargadelos ata o Conxunto Histórico, cunha inversión importante de máis de 700.000 euros de fondos municipais, e que esperamos estea feita nas vindeiras semanas. Isto daralle outro salto de calidade a toda a zona.

## Despois de moito pelexar e moitos anos, por fin a Atalaia será o primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña.

Sí, despois de moitos anos e moitos expedientes puidemos adquirir os dous solares dos esqueletos. Nesa zona construírase unha praza e o primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña. Nun deles xa temos o proxecto co financiamento aprobado para a construción da praza. E no outro, que adquirimos en decembro 2022, farase en breves a demolición. Xa encargamos os traballos para o proxectos do Centro Arqueolóxico.

## E no relativo ao Museo do Mar?

Nesta zona tamén mercamos as parcelas anexas ao Museo para a súa ampliación cunha moi grande inversión. O noso obxectivo é abrir unha nova ventá de San Cibrao ao mar e reforzar ese vínculo desta vila mariñeira, mantendo a estrutura da vivenda.

## Tamén contarán coa futura unidade residencial da Asociación Saúde Mental A Mariña, situada

## na praza Souto.

Sí. Esta Unidade Residencial é unha gran familia da que estamos moi orgullosos, é unha alegría que poñan en marcha este centro. Tiveron que facer unha serie de obras as que creo que xa deben estar rematando polo que nesta primavera podería estar funcionando. Fan un labor e un traballo inigualable.

## Unha das liñas de traballo importante é a conciliación.

Sí, cremos moito neste servizo. Levamos unha serie de anos onde apostamos dun xeito absoluto, e con isto quero dicir que non deixamos a ningún neno nin familia fóra, custe o que custe. Durante as épocas de ocio escolar contamos con este servizo e cun sen fin de actividades para os nenos para que disfruten.

## “Os nosos proxectos son moi vivos, son flutuantes co día a día e coas necesidades dos veciños e o seu benestar”

## E no relativo ao cultural?

Contamos tamén cunha serie de actividades e concertos en directo durante todo o ano xa que despois da pandemia decidimos apostar por elas para intentar volver á normalidade. Fixemos e seguiremos facendo actividades e concertos durante todo o ano en Cervo e en San Cibrao, onde para paliar o mal tempo do outono e o inverno colocamos unhas carpas.

## Tamén apostan moito polo medio ambiente.

Sí, é o noso futuro. Estamos facendo unha reforestación nos



montes municipais con árbores autóctonas. Intentamos concienciar aos nosos veciños para que aposten por árbores froiteiras e autóctonas, e intentamos facer estas plantacións cos rapaces dos centros educativos porque eles son o noso futuro. Son proxectos a medio longo prazo para deixarles ás xeracións vindeiras un legado baseado nos bosques autóctonos, non tan habituais a día de hoxe, e amosarlles que poden chegar a converterse, incluso, nun medio de vida no futuro.

## O deporte é outro pilar fundamental.

Claro. Xa contamos coa piscina olímpica de Lieiro e agora contaremos coas primeiras instalacións homologadas para a práctica do atletismo, gracias a un investimento de máis de 600.000 euros. É unha aposta para ser un referente no deporte. Todas estas instalacións deportivas están a disposición de todos os veciños de Cervo e da Mariña pois a práctica deportiva é moi importante dende cativos e na idade adulta.

## Entón a relación Concello e asociación é moi importante.

Por suposto. Temos unha gran colaboración con todo o tecido asociativo do Concello para poñer a súa disposición e que poidan levar a cabo as súas ideas e proxectos. Somos unha Administración próxima para que fomenten os seus obxectivos. Nos axudamos econo-

micamente coas infraestruturas e co persoal para que eles poidan facer e levar a cabo todo o que queiran.

## Hai asentamento no polígono?

Hai un par de iniciativas no polígono para a construción dunha cetaria e unha empresa de cosmética. Nós, dende o Concello, estamos en contacto coas empresas e poñemos a súa disposición todo o necesario para axilizar e facer máis fácil este asentamento. Esperamos que frutifique malia agora tócanos esperar.

## Quedaron proxectos no tinteiro?

No tinteiro non porque todo os nosos proxectos son moi vivos, son flutuantes co día a día e coas necesidades dos veciños e o seu benestar. A nosa maneira de pensar e traballar é a de seguir fiando e fiando na mellora dos servizos. Por exemplo seguimos apostando para que as vivendas do Concello teñan unha xestión dos residuos de saneamento público e intentamos achegalo a todas as parroquias, apostamos pola dotación de servizos no rural, tamén queda moito por facer no aspecto cultural, etc. Tamén estamos en marcha co proxecto do vieiro das Quintas no que se ampliará a calzada desa vía coa finalidade de que funcione como vía de circunvalación do núcleo urbano de Cervo, minimizando o tránsito de vehículos polo centro urbano e, especialmente, polo casco antigo do municipio.





## A ANPA do CEIP Juan Rey prepara unha festa de Entroido

A ANPA do CEIP Juan Rey en colaboración co Concello de Lourenzá preparan unha festa de Entroido para o vindeiro luns 20 e que contará cun sorteo especial.

Esta cita cultural será no recinto feiral a partir das 16.30 horas e comezará cunha regueifeira que dará paso ás 17.30 horas á merenda e ás 18.00 horas ao baile que estará amenizado con puzzle Animación.

Xa ás 19.00 horas será o esperado desfile no que haberá premios ao mellor disfraz individual, parella e grupos. Xa ás 20.00 horas farase o sorteo e repartiranse os premios.

Para calquer consulta ou dúbida haberá que chamar a Raquel ao 649 079 830 ou a Reyes ao 686 076 412 ou no correo da ANPA [anpajuanrey@gmail.com](mailto:anpajuanrey@gmail.com), así como en calquera das súas redes sociais.

Lémbrese que o domingo 26 será o esperado Domingo de Piñata do Concello de Lourenzá. Unha tradicional cita anotada en todos os Entroidos da Mariña.

## Jonydasvie preseleccionado para representar a San Marino en Eurovisión

O cantante laurentino Jonydasvie (Jonathan Dasilva) foi preseleccionado para participar no festival no que se elixe ao representante da República de San Marino en Eurovisión 2023, que se celebrará en Liverpool en maio.

Jonydasvie, que viaxou a San Marino desde Lourenzá para participar no casting, explica os motivos polos que decidiu presentarse: “animeime porque na rede social Instagram vin varias veces o anuncio de Una voce per San Marino, que é o concurso que fan alí para seleccionar ao candidato a Eurovisión, algo parecido ao Benidorm Fest en España. E como teño unha canción moi boa composta recentemente decidín presentala e seleccionáronme, o que foi unha sorpresa para min porque non contaba que me elixiran. É un tema moi potente que compuxen xunto co meu produtor, Favián Lovo, que é de Miami pero agora está en España”.



A rexedora municipal comentou: “estamos orgullosos de que un laurentino nos represente nun evento así e de que Lourenzá soe mais aló das fronteiras españolas. Coñezo a Jonathan dende que era neno e sempre tivo esa vocación pola música, sempre loitou por ese soño e estou segura de que cada vez está máis cerca. Deséxolle todo o mellor”, rematou Rocío López.

## Sendeirismo Terras de Lourenzá anunciou o calendario de rutas para este novo ano 2023

A asociación de Sendeirismo Terras anunciou o calendario de rutas para este ano 2023. Así, estas camiñatas do novo ano e que xa comezaron o domingo 15 de xaneiro co Camiño do Cantábrico serán mensuais e seguirá o sábado 11 polo rego dos Coruxos en Muras.

Xa o 18 de marzo a ruta será pola costa Ártabra, o domingo 23 de abril polas Lagoas de Cospeito, e a fin de semana do 12 ao 14 de maio tocará pola fraga da Vilapena en Trabada.

Durante o verán, chegará a ruta no Piornedo a fin de semana do 16 ao 18 de xuño, a ruta da fraga vella de Mondoñedo será o sábado 8 de xullo, a do río Ouro o 3 de setembro, a ruta por Aller durante o 22 ao 24 de setembro, polo río Agüera o sábado 21 de outubro, achegarse ao Bierzo do 10 ao 12 de novembro e polo Mogaillón no Vicedo o 16 de decembro. A asociación convida a todas as persoas que lles guste camiñar e

MES	DETALLE DA RUTA
Jan	Camino del Cantábrico
Feb	Rego dos Coruxos
Mar	Costa Ártabra
Abr	Lagoas de Cospeito
Maio	Vilapena
Xuño	Piornedo
Xullo	Fraga Vella de Mondoñedo
Agosto	Río Ouro
Set	Aller
Out	Río Agüera
Nov	Bierzo
Dec	Mogaillón

\*Se calculan polo estar sobre a cartón (preços, moedas de datos.)

rodearse de natureza a unirse á súa familia de camiñantes. E lembran que o calendario pode estar suxeito a cambios por imprevistos ou reaxustes climatolóxicos. Para información sobre como facerse socios non dubiden en poñerse en contacto con calquer membro da directiva ou a través dunha mensaxe privada a súa páxina de facebook.

## mondoñedo

## Manuel Lourenzo recibirá a distinción mindoniense de Cunqueiriano de Honra



O martes 28 de febreiro o dramaturgo, actor e director, Premio Nacional de Literatura Dramática, Manuel Lourenzo Pérez recibirá a distinción de Cunqueiriano de Honra de 2023. Será no salón de plenos do Concello de Mondoñedo ás 12.00 horas, onde estará acompañado por autoridades locais e autonómicas. Converterase, así, no sétimo homenaxeado dende que se instituíu este galardón. O Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro

promoven a distinción de Cunqueiriano de Honra co fin de recoñecer o labor daqueles persoeiros que se teñen significado na visibilización e proxección da figura do escritor mindoniense. Neste 2023 unha comisión designada ao efecto polo Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro, organizadores do evento, decidiu premiar a longa e vizosa traxectoria como cunqueiriólogo do dramaturgo Manuel Lourenzo.

## A vila celebrará o seu desfile e festa de Entroido o sábado 25

A vila de Mondoñedo celebrará o seu desfile e festa de Entroido o sábado 25 de febreiro cun desfile que percorrerá a avenida San Lucas e as rúas Obispo Sarmiento, Andrés Baamonde e Progreso para finalizar na praza da Catedral. O desfile sairá do Campo dos Paxariños, ás 17.30 horas e en caso de choiva, o desfile terá lugar na carpa da praza do Concello e a cada categoría se lle asigna unha hora, de xeito que só estarán os dorsais participantes de cada categoría, deixando o resto da carpa para o público e xurado.

Todos os que queiran participar poderán anotarse no correo [entroidomindoniense@gmail.com](mailto:entroidomindoniense@gmail.com) ou nos teléfonos 982 524 003 e 982 507 177. O prazo máximo para inscribirse será ata as 14.00 horas do venres 24 de febreiro. Á hora de inscribirse facilitarase os seguintes datos: nome e DNI completo da persoa representante, nome do disfraz e un teléfono de contacto. Haberá premios nas categorías

adultos (comparsas 1.900 euros, grupos de máis de 10 persoas 850 euros, grupos de menos de 10 persoas 450 euros, parellas 400 euros e disfraces individuais 325 euros) e infantil (grupos 525 euros, parellas 225 euros e individuais 150 euros).

Ademais, haberá un premio especial ao mellor grupo de batería e percusión de comparsas, dotados con 200 euros.

A festa proseguirá ao rematar o desfile coa orquestra Principal na carpa da praza do Concello e tamén amenizarán a festa de despois da entrega de premios xunto co Discomóvil Onda Norte a partir da 01.00 horas.

Por outra banda, a Asociación Barrio dos Muíños tamén convida a súa festa de Entroido que será o venres 17 de febreiro, adiantándose a moitas outras celebracións. Nesta cita contarán con Eventec e Cosmedeejay para amenizar a xornada. E premios aos tres mellores disfraces da noite.

## Aberta a preinscrición da Concentración Mototurística Invernal



O Moto Clube N-634 de Mondoñedo está a preparar xa a nova edición da súa Concentración Mototurística Invernal de Galicia.

Esta nova cita, que chega a súa trixésimo segunda edición, será os días 17, 18 e 19 de marzo. Xa está aberta a preinscrición por un prezo de 35 euros e inclúe etisco de bebida, caña de cervexa, pin, camiseta, trípticos de Mondoñedo, toro mecánico, sorteos, agasallos, cea do sábado, queimada, almorzo do domingo, picada no roteiro domingo e o xantar.

Tamén informaron de que haberá un festival DJ o venres e o grupo Beatriz amenizará a xornada do sábado. Será un evento baixo carpa e con acampada no pavillón.



## O Ministerio ultima o convenio para actuar na Roda



Barreiros recibiu a visita da Secretaria de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Isabel Pardo de Vera, para manter un encontro co goberno municipal no que trataron diversas cuestións nas que están traballando e dependen do departamento que dirixe.

A mandataria estatal acudiu acompañada do presidente do INECO, Sergio Vázquez, co que o Goberno municipal xa mantivera varios encontros previos para darlle un pulo aos temas nos que continúan traballando. A maiores, aproveitaron para coñecer o estado do proxecto do traslado do apeadeiro do tren en San Cosme que está redactando o Instituto que preside e cuxa licitación se prevé no prazo dun ano.

Durante o encontro anunciouse a sinatura inminente dun convenio co Concello de Barreiros para actuar sobre o xacemento da Roda, en Reinante. Pardo de Vera explicou que o Ministerio afrontará as labores de protección e posta en valor do xacemento mediante un proxecto que executará o goberno estatal e conveñiará co municipio barreirense para o seu posterior mantemento.

**ENLACE DESDE A FUTURA A78.** Tamén tomou nota da necesidade de contemplar un enlace de entrada ao polígono de Barreiros na execución da A74. Así mesmo, porá en marcha as labores de mantemento e limpeza das vías de servizo da A8 ao seu paso por Barreiros.

## Alar porá en marcha programas sociais

O Concello asinou un convenio de colaboración coa entidade Alar Galicia co que se pretende poñer en marcha no municipio programas de carácter social dirixidos á poboación barreirense.

A entidade social sen ánimo de lucro, que traballa no ámbito dos servizos sociais desde 2001, ten en marcha varios proxectos que centran a súa atención fundamentalmente nas mulleres e as persoas mozas.

A alcaldesa, Ana Ermida, que asinou o convenio co director da entidade, Fernando González Truque, agradeceulle a disposición a aportar a súa experiencia neste ámbito para desenvolver novos programas. Así, o primeiro dos programas que se porá en marcha trátase do 'Proxecto Mellora', de inserción sociolaboral dirixido a potenciar, favorecer, promover e fomentar a igualdade de oportunidades no ámbito da inserción e permanencia laboral e na incorporación das persoas ao mercado laboral.

A alcaldesa manifestou a "necesidade de contar en concellos pe-

quenos coma o noso, no que os recursos son máis escasos, con colaboracións deste tipo que garanten a igualdade de oportunidades da poboación". A rexedora sinalou que "esta primeira colaboración preténdese ampliar a outros programas da entidade, como o de prevención de condutas aditivas, de apoio e atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero especialmente vulnerables, de prevención, sensibilización e asesoramento de persoas con tendencias suicidas ou de intervención con menores agresores de violencia de xénero. Estas actuacións, moitas veces silenciosas e discretas son fundamentais para a construción dunha sociedade máis igualitaria, xusta e sana". A concelleira de servizos sociais, Carmen Veiga, que tamén estivo presente na sinatura explicou que "este proxecto vén a sumarse a outros que foron postos en marcha por este goberno coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro que pretenden achegar recursos á poboación barreirense, como coa Fundación Inserta."

## Ana Ermida encabeza a lista do BNG no municipio

A actual alcaldesa, Ana Ermida, volverá a encabezar a lista do Bloque Nacionalista Galego no municipio. A formación nacionalista así o decidiu por unanimidade, co obxectivo de "revalidar a alcaldía e seguir dirixindo un Goberno ao servizo da veciñanza."

Ermida presentouse oficialmente nun acto público acompañada da portavoz nacional do BNG, Ana Pontón. Ermida manifestou o seu agradecemento "aos compañeiros que confían en min para seguir traballando por un Barreiros do que sentir orgullo e no que os servizos públicos estean ao servizo da veciñanza." Igualmente, quixo pór en valor o traballo realizado neste primeiro mandato dun Goberno que "atopou un Concello no que a marxe de mellora en todos os aspectos era amplísima e que puxo todo o esforzo e o traballo diario para saír dunha situación complicada."

Anunciou que nas vindeiras semanas farán pública a candidatura completa, "composta por mulleres e homes capaces, honrados e coa cabeza en Barreiros."

## O PP insta a pavimentar o aparcadoiro fronte ao centro de saúde

O PP insta á alcaldesa de Barreiros a que adopte as medidas precisas para pavimentar o aparcadoiro fronte ao centro de saúde, "que hoxe é unha lameira".

"No núcleo urbano de Barreiros hai un acusado déficit de aparcadoiros. Con bo criterio, no seu día, mediante acordo cos propietarios dun terreo situado fronte ao centro de saúde, o Concello habilitou un aparcadoiro. O terreo está en moi mal estado, de xeito que a día de hoxe nalgunhas zonas é un verdadeiro lameiro", di o portavoz municipal do PP, José Manuel Gómez Puente, que reclama da alcaldesa, Ana Ermida, que adopte as medidas precisas para acondicionar o citado aparcadoiro, que tan necesario é, en xeral en Barreiros, e máis para quen ten que acudir ao centro de saúde.

O portavoz popular tamén di: "tal como está de esvaradío, calquera día pode producirse un incidente no que se vexan implicados vehículos e peóns e, entón, si que haberá complicacións. O aparcadoiro é moi necesario, pero hai que telo nas condicións adecuadas".

## Ourol aproba o orzamento deste ano, que ascende a máis de 2 millóns de euros

O Concello de Ourol xa ten aprobado, de forma definitiva, o orzamento deste ano 2023 e que ascende a 2.051.305,06 euros. Un presuposto similar ao dos anteriores anos.

Dentro do capítulo de gastos, 1.134.929,77 euros estarán destinados a gastos de personal, 4.000 euros para a Ruta Indiana e a súa posible ampliación e ademais haberá axudas para o Club de Lucha de Brazos e para todas as comisións de festas.

No relativo a inversións reais faranse os investimentos supoñen 236.570,47 euros e que servirá para obras de reparación en estradas de case todas as parroquias con cargo ao Plan Único 2022.

Tamén destinaranse 75.000 euros para a creación da residencia da terceira idade nunha parcela de titularidade municipal. O alcalde prevé que a entrega da parcela á Deputación de Lugo farase neste mes, unha vez se resolvan os trámites previos.

## Volven as actividades culturais na parroquia de Bravos

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos informou das datas para a celebración do Festival Aturuxo 2023 e que será os días 28 e 29 de xullo. O obxectivo do Festival Aturuxo de Ourol é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional.

**RUTA CABALAR.** Rego da Ponte celebra a fin de semana do 18 de xuño de 2023 a II Ruta Cabalar. Na anterior edición, os amantes dos equinos ademais de desfrutar do roteiro puideron degustar un xantar popular e bailar coa música en directo.

**ENTROIDO.** A asociación de veciños Irmáns Vilar Ponte organiza unha festa de Entroido o luns 20 de febreiro a partir das 22.00 horas con baile incluído. Nesta cita haberá degustación de produtos típicos do Entroido como son xamón, chourizos, orella e lamboadas. A festa es-



tará amenizada polo dúo Matices e contará con premios para os mellores disfraces individuais, en parella e de grupos.

**TALLER DE MEMORIA.** O vindeiro día 15 de febreiro terá lugar unha charla sobre Psicomotricidade e Memoria na terceira idade. Esta actividade levarase a cabo no Edificio



Multiusos a partir das 16.00 horas. Se queres aprender a mellorar a túa capacidade física e mental, anótate nos teléfonos 982 559 109 ou 677 489 457. Este curso contará cunha sesión teórica e unha sesión práctica. Organiza o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ourol en colaboración coa Escola Galega de Saude.



## MAR

## Portos ultima os traballos de renovación de defensas e murróns no porto de Burela



A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, visitou o porto de Burela onde a Consellería do Mar está a ultimar e ten comprometidas melloras por importe de máis de medio millón de euros, como a renovación de defensas e murróns, das luminarias con tecnoloxía LED e a reposición do firme no vial anexo á parede do dique que dá á terra. Lenguas detallou que o ente público está a finalizar os traballos de renovación de 56 novas defensas e cinco murróns de grandes dimensións para reforzar a seguridade da frota e mellorar as condicións de amarre. Esta actuación supón

un investimento de 245.000 euros. Ademais anunciou que se prevé un investimento de 166.000 euros para a renovación de luminarias no porto, dentro do contrato global de dotación de tecnoloxía LED en diversas dársenas de todo o litoral galego. A maiores sinalou que o porto de Burela é un dos que se inclúen no contrato que Portos de Galicia ten en fase final de licitación para a renovación de pavimentos deteriorados en diversas dársenas de todo o litoral galego. Neste peirao reporase o firme de todo o vial anexo á parede do dique que dá á terra por valor de 96.000 euros.

## Javier Sánchez renova cargo na Federación Galega de Confrarías de Pescadores

O presidente da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, José Antonio Pérez Sieira, renovou o seu cargo tras eleccións celebradas no marco dos terceiros comicios unificados nos pósitos galegos. Neste proceso tamén foi elixido como vicepresidente primeiro da entidade Javier Sánchez, patrón maior de San Cibrao, e como vicepresidente segundo Iago Tomé, patrón maior de Raxó, de conformidade coa regulación contida nos seus estatutos.

A proclamación definitiva dos órganos reitores da Federación Galega de Confrarías de Pescadores produciuse hoxe e a súa toma de posesión será mañá, martes 10 de xaneiro, dándose así por completado o proceso electoral unificado nas confrarías de pescadores galegas.

Estes comicios á federación galega son unha continuación dos inicia-

dos coa elección dos 62 patróns e vicepatróns maiores noutras tantas confrarías de pescadores, así como dos presidentes das tres federacións provinciais e os seus órganos reitores, e amosan a madurez democrática do sector á hora de elixir aos seus representantes. O único proceso pendente agora é a celebración das eleccións á confraría de pescadores de Baiona, na que o vindeiro 21 de xaneiro se realizarán as votacións para a elección dos vogais que formarán parte da xunta xeral e que serán os encargados de designar os novos órganos reitores da entidade.

Os resultados destes comicios na Federación Galega de Confrarías de Pescadores puxeron no cargo de presidente a José Antonio Pérez Sieira, vicepresidente primeiro a Javier Sánchez Fernández, de San Cibrao; e vicepresidente segundo a Iago Tomé Blanco de Raxó.

## A Ribeira de Foz denuncia problemas nos embarcadiros do Porto Chico

A Asociación A Ribeira de Foz vén de denunciar os problemas do Porto Chico de Foz, en concreto do estado no que se atopan os embarcadiros nº 1 e nº 2. “Queremos informar do mal estado das táboas que conforman a escaleira, pasarela e finguers dos propios embarcadiros, e tamén advertimos do altamente perigoso que é transitar por riba dos mesmos para os usuarios das embarcacións que alí atracan”, di o presidente do colectivo focego, Alberto Burundarena, que engade que “isto é debido a que a maior parte das táboas están podrecidas e teñen numerosos buratos de diversos tamaños, co claro risco de que podan romper en calquera momento co simple tránsito dos usuarios e que os mesmos podan sufrir algún problema físico”. “Están sen anclar varios cables eléctricos que conforman a rede de enerxía dos propios embarcadiros”, di Burundarena, “o que supón un risco”. Ditos cables están soltos nalgunhas zonas e totalmente somerxidos na auga do mar en outras, incluso chegando a estar soterrados



no lodo, polo que “é posible a rotura dos mesmos co risco que supón para os usuarios o feito de ter os cables eléctricos somerxidos baixo a auga do mar”.

Tamén queren amosar a súa inquedanza polo estado actual dos pilotes de suxeición dos dous embarcadiros, e informar de que os mesmos se ven claramente deteriorados con buratos nos tubos de aceiro que os conforman. Ademais, hai varios pilotes nos que “claramente se pode apreciar que perderon a súa nivelación, e tamén os aros deslizantes

que fan de unión entre embarcadiros e pilotes están en moitos puntos rotos”.

Así mesmo e segundo as fotografías facilitadas, na estrutura dos embarcadiros pódense apreciar varios flotadores que están rotos e anegados facendo inestable varios tramos de ambos embarcadiros.

A Ribeira de Foz, pide a Portos de Galicia que arranxe os estragos o antes posible, e que sinalice de forma clara e visual cada estrago, táboa rota ou podrecida que poda supoñer un risco para a seguridade dos usuarios.

## Unha App móbil difundirá os avistamentos de candorcas para dar seguridade na navegación

Presentouse oficialmente a aplicación móbil Orcinus, deseñada para o rexistro e difusión de avistamentos de candorcas en tempo real co obxectivo de apoiar a seguridade na navegación adiantándose a posibles interaccións con estes grandes mamíferos mariños.

Esta ferramenta-desenvolvida polo Bottlenose Dolphin Research Institute (BDRI) do Grove, entidade investigadora experta en grandes cetáceos, e na que colaborou a asociación Proxecto Nautilus, que traballa con estas especies no estreito de Xibraltar- se atopa xa dispoñible para a súa descarga e uso tanto en versión Android como iOS. O principal obxectivo desta ferramenta para telefonía móbil ou tabletas electrónicas é contribuir a unha navegación máis segura ao permitir coñecer de antemán e tamén durante a propia travesía a presenza de candorcas en zonas xeolocalizadas previamente por outras embarcacións. Deste xeito, preténdese aportar aos navegantes un novo instrumento para

facer fronte a unha problemática relevante, especialmente para a náutica de recreo, como son os avistamentos ou interaccións con candorcas rexistradas nos últimos anos.

A nova APP permite rexistrar en tempo real a presenza de candorcas e compartir esta información co conxunto da comunidade usuaria da aplicación. Deste xeito, informa dos avistamentos instantaneamente así como dos rexistrados nas semanas previas á consulta, facilitando ao navegante datos para unha mellor planificación da súa travesía.

Para iso, calquera usuario pode darse de alta na aplicación e xeolocalizar avistamentos de candorcas na parte do mundo na que estea a navegar. Eses rexistros son verificados polos responsables do mantemento da APP, que se descarga de xeito automático no idioma no que está configurado o dispositivo do usuario e que emprega os mapas de Google do mesmo xeito para darlle carácter internacional.

## Galicia promove a pesca sustentable e a remuda xeracional

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, puxo en valor a aposta polas melloras a bordo dos buques pesqueiros para promover a pesca sustentable e a remuda xeracional na actividade marítimo-pesqueira. Nesta liña, expuxo que este ano destinaráanse a este fin 1,5 millóns de euros a través dunha convocatoria de axudas para os propietarios de buques pesqueiros galegos que publicará esta semana o Diario Oficial de Galicia.

Tamén se destinan a subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e aquelas relacionadas coa eficiencia enerxética, o cambio de motores e a mitigación do cambio climático. Outros investimentos obxecto de recibir achegas e que especificou a conselleira, son os que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas.

Este tipo de apoios son unha mostra máis do interese de Galicia no coitado medioambiental do mar e dos profesionais que dependen del e na defensa do equilibrio entre os aspectos medioambientais e socioeconómicos co fin de promover a competitividade da pesca galega.



# DEPUTACIÓN

## Reclaman á Xunta axudas para os concellos afectados polo temporal

A Deputación reclamará á Xunta que poña en marcha unha liña de axudas para os concellos máis danados polas borrascas de xaneiro Gerard e Fien, como é o caso de Lugo, Begonte, Viveiro, Cospeito, O Vicedo, ou Pedrafita do Cebreiro. O Goberno provincial sacou así adiante unha proposta que foi aprobada por unanimidade dos grupos da Corporación no Pleno ordinario.

Lamentou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto, a falta de "lealdade institucional" que está a amosar a Administración autonómica ante este tipo de incidencias coas entidades locais, lembrando varias situacións recentes nas que a Xunta "non estivo á altura". Así, recordou como, ante a sarabia que afectou a zonas vinícolas da Ribeira Sacra hai dous anos, "recomendaba ós afectados ter contratado un seguro privado", ou a "decepción" da súa resposta ante a vaga de lumes que asolou a provincia o pasado verán. "Agora, ante un temporal que ten afectado a amplas zonas de Galicia, e dun xeito especial á provincia de Lugo, a Xunta volve dar un paso ó lado e pretende que, unha vez máis, sexan as entidades locais as que asuman, tanto o traballo fronte ó temporal, como o custo da recuperación da normalidade", sinalou.

García Porto destacou que, en contraposición, "dende a Deputación, puxéronse en marcha de inmediato todos os medios da institución para desenvolver un dispositivo de cooperación cos concellos que permítase manter aberta a ampla rede de estradas da provincia, minimizando



o tempo dos cortes derivados das distintas incidencias".

Expuxo a voceira socialista do Goberno que o desbordamento este mes de xaneiro dos ríos Miño, Cobo ou Sor "asolagaron amplas zonas do territorio, provocando inundacións de ata metro e medio de auga en vivendas particulares, comercios ou edificios públicos". E lembrou que en territorios como O Courel, "a erosión das choivas torrenciais é aínda máis grave ó actuar sobre unha zona afectada polos efectos dos lumes do verán, empobrecendo aínda máis uns solos moi castigados."

"Ante a gravidade dos danos", sinalou a tamén Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, "a Administración autonómica ten que establecer mecanismos de axuda para facer fronte ós danos económicos derivados dos temporais, para que esta carga non teña que ser asumida en solitario polas facendas locais". Explicou tamén Pilar García Porto que "danse todos os requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia" e lembrou

que a Deputación de Lugo xa está axudando ós concellos afectados "cumprindo coa súa razón de ser".

A institución provincial solicitará, polo tanto, a declaración por parte da Xunta de "emerxencia de interese galego" os danos rexistrados en Galicia polo efecto dos temporais de xaneiro; que a Administración autonómica habilite unha liña de axudas económicas para os concellos afectados que se establezan en función dos danos rexistrados e do impacto do temporal en cada municipio; e que inclúa axudas específicas para a Deputación de Lugo, que atendan ó seu carácter de administración local, para axudar a cubrir o custo dos traballos realizados durante o temporal.

**MILLÓN DE EUROS.** O presidente, José Tomé Roca, avanzou que a institución destinará preto de 1M€ para arranxar as 11 estradas provinciais que resultaron danadas polo temporal de Nadal.

As estradas afectadas discorren polos concellos de Castro de Rei, O Corgo, Baleira, Guntín, A Fonsagrada, Chantada e Carballedo.

## Presentan en Fitur a campaña Lugo, provincia románica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no stand de Galicia na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística lanzada pola institución provincial, Lugo, provincia románica, coa que dá un novo paso na súa estratexia para impulsar o turismo de calidade e sostible. Así o explicou Tomé Roca na presentación deste mediodía, na que estivo acompañado polo protagonista da campaña, o actor Chechu Salgado, natural de Sober e que foi distinguido co Goya ao Mellor Actor Revelación no 2022.

O promocional da Deputación, tal e como relatou o propio actor sobre o escenario de Fitur, amosa a viaxe sensorial de Chechu Salgado pola provincia. Un audiovisual no que a paisaxe e o rico patrimonio do territorio acompañan ao intérprete para compartir cos espectadores a experiencia única que viven os visitantes que escollen Lugo como

destino turístico.

Sobre a iniciativa da Deputación, o presidente explicou que "este ano optamos polo románico como fío condutor da nosa proposta". Sinalou que "Lugo é unha das provincias españolas nas que este estilo, ligado ao Camiño de Santiago, deixou maior número de monumentos. Unha concentración que sitúa a zonas como a Ribeira Sacra entre os grandes polos do románico a nivel de toda Europa".

"Aproveitando toda esta riqueza, apostamos por un turismo non masificado, personalizado, no que cada turista deseña a súa propia experiencia, que elixa cales dos centos de templos e mosteiros repartidos pola nosa provincia quere visitar", apuntou José Tomé, que sinalou que "para facilitar esta labor, desde a Deputación preparamos xa diferentes rutas do románico pola provincia e publicamos guías actualizadas sobre este patrimonio que están tendo gran acollida".

## Esixen o reforzo das axudas aos produtores en ecolóxico

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que reforce a partida de axudas para os produtores en ecolóxico da provincia para que se cubran a totalidade das solicitudes. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de xaneiro, que saíu adiante por unanimidade.

O deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, lembrou que se denegaron a metade das axudas ós produtores ecolóxicos "e non se move nin unha follá". Unha situación "provocada", que segundo explicou "sitúa a un amplo número de produtores ó borde do pe-

che das súas explotacións" e pola que "nos vemos na necesidade de volver a demandar sensibilidade á Consellería de Medio Rural".

Fernández Rico expuxo que, dos 318 produtores que quedaron sen axudas, o 54% dos que a solicitaron, 159 pertencen á provincia de Lugo. "Na maioría dos casos, familias que se introduciron a producir con responsabilidade polas normas que nos marcan dende Europa" e que é unha obriga da Xunta "favorecer a aqueles que queren adaptar a súa forma de producir ó respecto e coidado medioambiental".

## Clausúrase o programa 'Feminino rural' cunha mostra de produtos e servizos

Celebrouse en Lugo a xornada de clausura do programa Feminino rural, Evolución no que participaron a deputada de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, xunto á Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez

Este programa está financiado integramente pola Deputación de Lugo cunha achega de 40.000€ e que desenvolveu a Asociación de Empresarias de Lugo (AELU). O acto, que se celebrou no Mercado Quiroga Ballesteros, serviu de trampolín para dar a coñecer entre o público os produtos e servizos das participantes desta iniciativa, coa que naceron

novos negocios e se mellorou a competitividade de empresas asentadas no rural.

Máis dun cento de mulleres participaron no Feminino rural. Evolución, co que recibiron de maneira gratuíta formación, acompañamento e asesoramento personalizado para mellorar ou lanzar os seus negocios. As accións comezaron no mes de xullo do pasado ano, e desenvolvéronse en dúas fases por todas as comarcas da provincia: A Mariña, Lugo, a Ulloa, a Terra Chá, Sarria, A Montaña e a Ribeira Sacra. A primeira parte incluíu 7 xornadas de traballo, coworking, que serviron de toma de contacto e para a

creación de sinerxías entre os establecementos de cada zona, fomentando o intercambio de coñecementos e de experiencias entre empresarias e emprendedoras.

Nunha segunda fase leváronse a cabo accións formativas, entre outras, na implantación de ferramentas tecnolóxicas, estratexias DAFO para mellorar a presenza en redes sociais, ou en venda online. Ademais, as participantes recibiron información tanto en axudas e subvencións, en programas Erasmus de apoio a emprendedoras, como na difusión de boas prácticas no rural.



# DEPORTES

## O Club de Remo Celeiro presentou a súa nova traíña de competición



O Club de Remo Celeiro presentou a nova traíña do club coa que compitarán en diferentes probas deportivas. E ademais cabe destacar que é a única traíña na provincia de Lugo. Así a nova embarcación estrenouse no VII Memorial Pepe O Ruso de Bue do pasado domingo 15 de xaneiro.

Este domingo 5 de febreiro o club desprazouse a Boiro para asistir á regata XX Contra Reloxo

de Cabo da Cruz, que foi organizada polo Club de Remo Cabo da Cruz e á cal asistiron cunha tripulación misturada por 14 remeiros, dous deles compañeiros do Club de Remo de Mugarbos. No relativo aos resultados foron 2º clasificados equipos mixtos e 9ª na xeral de veteranos.

Este club mariñao conta con máis de medio século de historia e é unha das institucións máis lonxevas do Concello de Viveiro.

## As Raíñas Laranxas de Burela gañan a Supercopa por quinta vez

Rematou a Supercopa de España de Fútbol Feminino que este ano 2023 se celebrou no pavillón Vista Alegre de Burela e por quinta vez, cuarta consecutiva, as Guerras Laranxas levárona tras dous partidos nos que, unha vez máis, demostraron que son o mellor equipo do mundo en todos os sentidos. Esta vez xogaron a final co pavillón cheo, máis de 1000 espectadores, contra o MSC Torreblanca FS, que demostrou tamén a súa calidade e ambición ao longo de todo o campionato, cunha Bía e unha Amandinha que cada partido destacan e ofrecen un espectáculo digno de gozar xunto ao resto do seu equipo. Pero maior foi o espectáculo que ofreceron as cracks de Julio Delgado, que foron superiores esta mañá ante o Torreblanca, do mesmo xeito que o foron na semifinal contra o seu gran rival, o Futsi Atlético Navalcarnero.

Comezou o encontro e Dany tivo a súa primeira gran oportunidade no minuto 2 de xogo. Pouco despois, no minuto 3, tras unha



parede entre Antía e Cilene, a primeira anota o primeiro gol do encontro. O Burela domina o xogo e tras varias oportunidades máis, de Cilene e posteriormente de Emilly. Tras o primeiro tempo morto, Dany anota o segundo gol no minuto 12 tras un xiro. No minuto 16 Peque anotou o 3-0 cun golazo tras un pase de Emilly dende media pista. A continuación dúas oportunidades boas do Torreblanca, unha de Juliana que se vai por encima do traveseiro e outra de Amandinha que parou Caridade. Antes do descanso Emi-

lly tirou unha falta perigosa que se foi fóra. Na segunda parte sae Jozi á pista por Caridade e o Torreblanca continúa co xogo de 5 tendo varias oportunidades, entre elas Jozi fai unha dobre parada destacable que evita o primeiro gol do equipo de Melilla. No minuto 28 o Burela FS volve lanzar unha falta perigosa que foi fóra e tras un tempo morto Thais anota 3-1. Seguiron co 4 para 5 e o Torreblanca continuou buscando e tendo oportunidades, pero no minuto 31 Emilly meteu o 4-1.

## Os clubs poden pedir as axudas da Xunta

O DOG vén de publicar a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para este 2023. Deste xeito, os clubs deportivos xa poderán solicitar as súas axudas para 2023 que terán un orzamento global de 2 millóns de euros, ao igual que en 2022 cando subiu un 5% respecto ao presuposto de 2021, distribuídos en dúas liñas de axudas.

Por unha banda, 1.910.003 euros para o desenvolvemento de actividades deportivas polos clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas e os case 90.000 euros restantes a núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE). A axuda máxima por entidade beneficiaria 10.000 euros, na primeira liña, e 29.999 euros na segunda.

Como protagonistas da segunda liña de axudas, os NADE regulan o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

## O tenis de mesa CD San Ciprián colidera o Grupo Norte da 3ª División Nacional



Despóis de 11 xornadas a sección de Tenis de Mesa do CD San Ciprián está a coliderar xunto co Breogán Oleiros Fisiocal, o Grupo Norte da 3ª División Nacional ao que ascendeu en maio do 2022.

Os dous clubs están empatados con 9 vitorias e dúas derrotas e aínda quedan sete xornadas. Esta fin de semana viaxarán a Narón para xogar "un partido difícil porque están xusto atrás de os nos". Os dous primeiros ascenderán a segunda Nacional pero o obxectivo do

club cervense será manterse nesta categoría. Ademais o xogador con mellor porcentaxe de vitorias desta categoría é Eugenio Alonso do CD San Ciprián que aínda non perdeu ningún partido", din dende o club.

A sección de tenis de mesa do CD San Ciprián comezou a participar en torneos no ano 1993, logo dun longo parón, retomaron a competición no ano 2018; chegando a acadar ese ascenso a Terceira Nacional nesta tempada.

## Novos éxitos para o seteiro cervense Santi González



O seteiro Santi González Villares, integrante do club ladovi de tiro con arco, participou nos campionatos de España 3D Indoor e de sala das modalidades de arco tradicional, nu e arco longo.


Na categoría de arco espido o arqueiro cervense rematou en primeira posición con 432 puntos (528 máximos posibles) en 48 figuras colocadas a diferentes distancias que todos eles descoñecen. Con esta puntuación, tamén batíu o seu rexistro persoal situado en 429 puntos obtidos xa fai un ano, o 28 de xaneiro de 2022,

no Campionato de España de 3D indoor celebrado en Marina D'or. O domingo celebrouse o campionato de arco, espido e arco longo, onde Santi logrou clasificarse en segunda posición. O arqueiro do ladovi foi máis atinado estrelando a súa saeta no centro da diana o que lle daría o pase á final do Campionato, que foi ante o madrileño Antonio Huerta, e no que Santi amosou unha técnica impecable que lle facilitou conseguir o ouro cun rotundo 6-0 a puntos de set.



# Volven as carreiras pola montaña

A Mariña quece motores para as súas tradicionais probas, mentres nace un novo club en Cervo



A Asociación As Minas da Pontenova xunto co Concello organizan a II Carreira de Montaña As Minas da Pontenova, unha proba que se celebrará o domingo 12 de marzo de 2023.

A proba deportiva consta de media mararón, 10 quilómetros e andaina. Para participar será necesaria a previa inscrición, que ten un prezo de 15 euros para a media maratón, 8 para os 10 quilómetros e a andaina será gratuíta. O prazo de inscrición terminará o mércores 8 de marzo.

Para máis información haberá que consultar a web de carreiras galegas. A proba transcorrerá pola zona das antigüas minas. Haberá trofeo aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos e femininos da carreira

de 21km e 10km, ao vencedor de cada categoría masculina e feminina da distancia de 21km, e unha medalla ao 2º e 3º clasificado de cada categoría masculina e feminina no 21km. A saída e meta será na praza dos Fornos e será saída ás 10.00 horas e constará de 21 quilómetros aproximados e percorrerá camiños de terra e pistas, e estará pechado a todos os vehículos excepto os autorizados pola organización.


**XOVE COSTA TRAIL** A organización do Xove Costa Trail comunicou que as inscricións para a nova edición 2023, que será os días 6 e 7 de maio, poderán facerse a primeiros de febreiro.

**FUCIÑO DO PORCO.** A organización do Trail do Caolín ao Fuciño do Porco informaron de que xa está en marcha unha nova edición da carreira e que se celebrará o 21 de maio do 2023. O percorrido da proba, estará próximo aos mil metros de desnivel e partirá do porto do Vicedo para seguir polo Caolín cara ao monte en dirección a San Román, chegar ao Fuciño do Porco e volver pola costa ata o porto. Haberá tres categorías, andaina e trail corto de 15 quilómetros, e trail longo de 28 quilómetros. As inscricións, aínda non están abertas, pero previsiblemente poderán facerse no enlace de sportmaniacs. Esta proba repartirá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada

categoría, para os máis veteranos e o máis novo.

**NOVO CLUB.** San Cibrao conta desde esta semana cun novo club de trail creado por un grupo de amigos aos que lles une a súa paixón por este deporte, o aire libre e a natureza. A Fume de Carozo, "nace como un humilde club pero rebotante de enerxía e con moitas ganas de divertirnos facendo o que nos gusta", comunicaron. Así, animan á veciñanza que lle guste o deporte de montaña e ao aire libre a compartir experiencias e unirse ao club. Para máis información pódese mandar un email a [afumedecarozosanci@gmail.com](mailto:afumedecarozosanci@gmail.com).

**Julia López Formoso é matematicamente campioa da Liga de bolos de Xove**



Trala décimo segunda tirada de bolos de Xove que contou con 33 inscritos, a xovense Julia López xa é matematicamente campioa da XIV Liga Feminina. Os máis de 40 puntos que a separan da segunda clasificada, Belén Meitín, xa son insalvables. Polo tanto, despexada esta incógnita, queda por ver quen ocupa finalmente a segunda e terceira posición do cadro final. Un grupo de catro xogadoras encabezado por Belén Meitín, Salomé Bermudez, Concepción Piñeiro e Carmen Roca vanse disputar esas prazas de privilexio nas tiradas restantes. A última tirada celebrábase no Centro Social de Sumoas o 11 de marzo.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: [redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)



# COLABORACIÓNS

## A promesa do corredor

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**H**oubo uns días en que os de Burela non podían mandar aos de Foz chorar a Cangas. Foron días convulsos. O sentir colectivo era unha mestura entre mágoa e desolación. Axiña a veciñanza prendeu o maxín e comezaron a abundar as imaxes satíricas nas redes sociais. Aínda non cinco minutos de traxecto convertéronse nun mínimo oitenta, por unha alternativa, cando menos, perigosa. O traxecto convertíase en hora e media se seguíamos o camiño recomendado polo Ministerio de Transportes. Pero todo isto ben seguro o sabedes porque esa fin de semana non houbo outro falar en toda a comar-

ca. A rapazada aprendeu ese venres o nome da estrada pola que transitaban a miúdo para ir ao colexio. Evidentemente, o corte da N-642 evidenciou unhas carencias históricas das infraestruturas na comarca que son ben coñecidas por todos os mariñáns. Fai vinte anos dun proxecto de vía de alta capacidade Ferrol-San Ciprián, dos cales hai feitos dezaseis, sendo optimistas. Coma cando redondo a miña estatura a 1,70. Un quinto, ou 16 /80 que poñerían os meus alumnos, aos que lles custa simplificar. Porque coma na vida, custa chegar ao irreducible. Pero é igual de lamentable, dun xeito ou doutro, porque son fraccións equivalentes. Da mesma maneira, as comunicacións son máis que insuficientes nun territorio con potencial. As estudantes apenas teñen transporte viable para as cidades universitarias, e escri-


bo con coñecemento de causa desde a realidade da primeira persoa, en tempos nos que aínda non eran coñecidas aplicacións para compartir coche, vir á casa as fins de semana era unha aventura. O único positivo das case catro horas en autobús foi coñecer aldeas da que si é a Galicia profunda, e non a que pretenden finxir rapazas da Coruña nas súas bolsas de tela rezando "Eu son da Galicia profunda" por comer caldo de grelos embotados algunha vez. Non é esa a finalidade principal deste texto, pensando nisto e escoitando incontables conversas, case tantas coma o cardinal do infinito decateime de que case todos tratan de buscar culpables, evidentemente na clase política. Pero ese trazado de oitenta quilómetros, depende de dúas institucións distintas, con cadanseu partido político á fronte. E como dicía a avoa, uns

por outros a casa sen varrer. Lonxe de falar de política, no que estou de acordo é que é moi sucia. Unha das profesións nas que continuamente se mestura o persoal co profesional. Na taberna cando se aproximaban as eleccións municipais sempre se escoitaba, que nestas, se vota á persoa e non ao partido. Claro exemplo do que estou a falar. Canto da nosa personalidade empregamos no traballo? Marcamos a nosa impronta persoal acotío no eido laboral. Atopamos claros contraexemplos de que non se trata dunha relación recíproca. Ser unha boa persoa, non implica ser un bo profesional, eso puxo hoxe de manifesto a miña alumna C. cando trataba de explicarme a súa relación de animadversión cunha asignatura por mor dunha moi boa persoa, pero ao seu criterio, mala transmitindo esos coñecementos que son a súa paixón. Nes-

te caso, para gustos as cores, e ben seguro para outros alumnos é a profesora preferida. Pero todos coñecemos a boas persoas exercendo de maneira pésima as súas profesións. Pero coñecemos bos profesionais que sexan malas persoas? É ben certo que isto non pode ocorrer no ámbito sanitario nin no educativo, nin toda aquela profesión que implique trato persoal, porque a empatía debe reinar. Pero ocorre, malia que non debera. Porque hai de todo na viña do Señor. Eu son a primeira que non quero políticos que me caian mal, que obren en supremacía pensando no beneficio propio, pero tampouco un carniceiro envexoso, nin unha libreira entrometida. Tratemos de ser ambas cousas, bos nos dous lados, na casa e na empresa, para que semelle que é unha estrada biunívoca, que sempre poidamos transitar Burela-Cangas sen pasar por Rúa.

## Creep

CULTURA



Rebeca Maseda

**R**adiohead e Coldplay son dúas das bandas de rock – "rock alternativo" para algúns e algunhas – máis icónicas da historia e, a título persoal, direi que son as miñas preferidas desde a adolescencia. Ámbalas dúas británicas, con cancións recoñecibles en medio mundo, con temas que encabezan e encabezan as listas de grandes éxitos, con millóns de reproducións en todas as plataformas dixitais, con outros tantos millóns de discos vendidos, enchendo estadios aquí e acolá... Para moitas e moitos son considerados auténticos deuses e non hai dúbida de que ocupan un lugar privilexiado no olimpo da música rock.

Radiohead (Abingdon, Reino Unido, 1985) é considerada a banda de rock máis vangardista da música británica. O seu estilo, digamos unha especie de "grunge" elegante no seu

primeiro álbum, "Pablo Honey" (1993), foi derivando cara a experimentacións electrónicas e improvisacións sonoras de evolución imprevisible.

Os cambios de rumbo da formación de Oxford xeráronse sempre desde o seu capital, a voz cantante de Thom Yorke. O grupo creouse nos anos de instituto, vínculo que os mantivo unidos sen moitas fisuras a pesar de converterse nunha banda de culto e ter que asumir o papel de icona cultural. Os seus primeiros concertos foron baixo o nome de "On a Friday" ata que os seus produtores animáronlles a mudar de pel.

Despois dalgunhas demos lanzaron en 1992 o EP "Drill", que xa contiña algunhas das mellores cancións do que sería o seu álbum de debut. "Thinking about you" e "Prove yourself" facían de coro para o primeiro éxito de Radiohead: "Creep", buque insignia de "Pablo Honey" que asombrou á crítica pola súa rabia e tenrura de guitarras ferintes e ruidosas xunto a remansos vocais de paz. Os ingleses, que pasaron case furtivamente por Sevilla presen-



tando este disco, empezaron a atraer a mirada dun público heterodoxo que buscaba outros referentes musicais máis aló do encastado "brit-pop" de Blur ou Oasis. "The Bends" (1995), un disco completísimo no que aínda relocen as guitarras - co temazo "High and Dry" - supón un paso novo cara unha xeo-estación sen nome que despexará o seu rótulo en 1997 con "OK Computer". Este álbum marca a trasfega da banda cara a territorios non explorados xogando

con texturas musicais distintas, notas jazz electrónicas e cancións como "Paranoid Android" que deleitan por igual tanto ao crítico "de moderno" como ao usuario normal de emisoras. Por se quedara algunha dúbida, Radiohead deixa ben clarifión que son a banda de culto do novo século con "Kid A" (2000), onde indagan na súa música minimalista e alternativa. Aínda así, isto non lles impide seguir encabezando as listas de vendas, percorrido que segue

"Amnesiac" (2001) e "Hail to the thief" (2003) co seu tema máis dixerible en primeira escoita, "There there".

Logo dunha necesaria pausa creativa, a banda de Yorke retorna á palestra facendo gala do seu espírito vangardista, colgando "In Rainbows" (2007) na internet e deixando que os compradores marquen o prezo. A revolución non espera e novas bandas imitan o recurso de Radiohead. Catro anos despois deciden repetir unha fórmula parecida con

"The king of limbs", cuxo primeiro anti-single, "Lotus flower", volve despexar a pista do éxito á banda de Oxford.

Para poñer punto final a esta viaxe polo universo Radiohead, quixera lembrar a modo de homenaxe persoal o retrouso de "Creep", palabras que todas e todos temos sentido como propias en máis dunha ocasión... But I'm a creep, Pero son insignificante, I'm a weirdo, Son un "bicho raro", What the hell am I doing here?, Que diantres estou facendo eu aquí!?, I don't belong here, Se non pertenzo a este lugar.



## Paixón por ensinar

### O PUPITRE



Julio Díaz

**A** paixón (do verbo latino “patior” que significa sufrir ou sentir) é unha emoción definida como un sentimento moi forte cara a unha persoa, tema, idea ou obxecto. Así, a paixón, é unha relación intensa que engloba o entusiasmo e o desexo por algo. Esta é unha definición que dela fai a Wikipedia, pero a paixón no ensino é algo máis.

Os procesos educativos son cambiantes, dinámicos e deben ser variados cada día. Nos, os docentes, non podemos nin debemos movernos exclusivamente no ámbito do cotián e rutineiro. De feito, é de todo necesario adaptarnos ás novas necesidades e ferramentas que pouco a pouco van xurdindo. Pero así e todo con isto non chega porque o realmente importante é traballar con paixón o discurso, optimizando deste xeito o máximo os procesos e estratexias.

As persoas que nos dedicamos a ensinar temos nas nosas mans unha das profesións máis cativadoras e enriquecedoras do mundo, pero ocorre que, os múltiples atrancos que habitualmente nos atopamos no noso traballo diario acaban minando o noso entusiasmo. Pero contra isto temos a nosa paixón, o combustible que pon en marcha a motivación daquilo que de verdade queremos realizar. Todas as persoas que transmitimos coñecementos, construímos valores e desenvolvemos personalidades, realmente vivimos intensamente este crecemento dos nosos alumnos. Todo isto conséguese expondo constantemente retos e desafíos, con toda a problemática que isto conleva, pero a recompensa sempre merece a pena. A vocación é a base que precisamos todos os que queremos dedicar a nosa vida á nobre tarefa de educar. O exercicio do maxisterio é un modo de darse, de entregarse aos demais e, por iso mesmo, é un dos camiños máis dignos que ten o ser humano para acadar a felicidade tanto no pasado



como no presente.

O docente é un ser humano e non un mero transmisor de coñecemento; é unha persoa que a cotío ten que estar a discernir entre o que debe comunicar e o que non procede, tendo sempre como referente o ben dos seus rapaces. O vínculo educativo esixe, por parte do docente, vontade e capacidade de comunicar, sempre dun xeito adecuado, tendo en conta os intereses dos

seus alumnos, a súa linguaxe, o seu mundo, pero esixe ademais, por parte destes, vontade de aprender e capacidade para elo. O noso obxectivo esencial será despertar e avivar o seu desexo de aprender, meta, por certo, nada doada de acadar.

Non se nace docente, o docente faise, constrúese na medida en que comunica unha e outra vez o aprendido, pero cada repetición é distinta, inclúe novas estra-

teñas e elementos, de tal maneira que a repetición non é unha simple reiteración do mesmo, nin un círculo vicioso que volve unha e outra vez sobre si mesmo dun xeito inquebrantable. O docente debe adaptar sempre o seu discurso ao público que ten diante, ese é o éxito. A miña preocupación como docente polo tanto sempre foi a mesma: “CONTACTAR”, sí, con maiúsculas, facer un todo da aula, evitar que nada se interpoña entre o que quero comunicar e o que debe recibir o receptor.

Como cada docente posúe o seu propio estilo educativo, os alumnos, ao longo da súa formación, reciben estes diferentes e variados estilos de tal maneira que esta pluralidade é educativa por si mesma. Evidentemente, as comparacións entre os rapaces son inevitables, pero a riqueza dunha comunidade educativa está precisamente nesta pluralidade de talentos e métodos que conviven nela, tendo sempre en conta que a humildade e a confianza son os valores esenciais para que flúa toda acción educativa.

## A fala estremeña

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**S**ervidor tivo a sorte de poder visitar destinos alén dos mares, moi lonxe de aquí. Así, a casualidade quixo que se producisen estadías en países como Mozambique, no sur de África, e Brasil, en América. En ámbolos dous, a comunicación coa xente resultou doada. “Voçe fala coma nós...”. Frase que adoitaba escoitar, dita con sorpresa e admiración ao mesmo tempo por aquelas persoas coas que un conversaba. Homes e mulleres de distintas idades falaban en portugués, unha lingua moi semellante á nosa e da que podemos afirmar que é o galego internacional, idioma oficial nos dous estados citados e noutros como Angola, Guinea Bisao, Cabo Verde ou Timor Oriental. En total, estímase en máis de dous centos millóns os falantes de portugués no mundo. Recentemente faleceu o escritor Domingo Frades Gaspar, nado

en San Martín de Trevejo (Cáceres) e membro da Real Academia Galega –RAG-. Foi un comprometido defensor, ademais de aplicado estudioso, da Fala estremeña, unha lingua propia dunha zona da provincia de Cáceres composta por tres municipios, o citado máis os de Eljas e Valverde del Fresno, e que foi declarada como Ben de Interese Cultural no ano 2001. A peculiaridade que lle vendada atópase no extraordinario parecido co noso galego. Si, en Estremadura, a máis de cinco centos quilómetros da Chaira, falan tamén coma nós, ou canto menos, moi aproximado. Son unhas cinco mil persoas que a conservaron, transmitíndoa de xeración en xeración, nun entorno monolingüe español, de maneira única e exclusivamente oral, xa que apenas existen textos escritos onde se poda ler e aprender. Todo un mérito sen ningunha dúbida o desta xente, quen merece total recoñecemento. Resulta curiosa esta realidade lingüística, a cal tamén está en risco de extinción, como nos ocorre a nosoutros. Porque onde se fala existen dous fenómenos que nos son

familiares, o despoboamento e o avellentamento, cada vez menos xente e cada vez máis vella, polo que resulta evidente que o seu futuro sexa moi incerto. Aínda así, sempre aparecen persoas comprometidas, como o recentemente falecido, o mencionado escritor Domingo Frades Gaspar, e outros que se empeñan en que esta peculiar e moi minoritaria lingua non desapareza. A presenza da Asociación Cultural A Nosa Fala é un claro exemplo de tenacidade e perseverancia, quen vela para que siga sendo un Ben de Interese Cultural, non só nos lugares onde a teñen como propia os seus habitantes, senón para todo aquel que amose sensibilidade por estas peculiaridades que nos achegan a nosoutros, aínda que vivamos a centos de quilómetros. Curiosa resulta a historia dun lingüista checo afincado nun dos tres municipios sinalados, quen escribiu e publicou o primeiro dicionario de A Fala, recopilando trece mil vocablos.

A supervivencia dunha lingua como esta ou como calquera outra que non é maioritaria,

supón todo un desafío nos días de hoxe. A clave está na transmisión e se esta non se leva a cabo, estes idiomas están con-

denados a desaparecer. E sería unha perda considerable e, o máis probable, que sexa tamén irreparable.

### O RECUNCHO DE CANELINA





## DE RUTA EN RUTA

# Trabada: ruta do vento

As excelentes vistas dos vales circundantes ábrese paso entre os bosques autóctonos de carballos, madroños, acivros e abeleiras

Trabada conta con numerosas rutas de sendeirismo polas súas fragas de singular beleza natural. Un pequeno e único territorio, que agarda silencioso que o visitante se achegue e desfrute das súas múltiples riquezas e experiencias, onde se impregnará do paraíso en estado puro. A riqueza deste pobo, Trabada, pódese ver, escoitar, ulir, tocar e saborear. Un dispendio de sensibilidade para os sentidos... Afinaos, porque en Trabada a natureza móstrase na súa máxima expresión.

Esta ruta é moi sinxela, discorre na súa totalidade por pistas existentes, de escasa pendente. Ademais da fascinante paisaxe, pódese desfrutar de impresionantes vistas panorámicas desde o alto de Cerrochán, o punto máis alto do Concello (776 m.), así como dunha explotación mineira a ceo aberto.

É ideal para un percorrido en bicicleta ou a cabalo, aínda que non ten unha lonxitude excesiva para poder realizarse camiñando. Comeza na Área Recreativa Chao do Couso que conta cunha pon-

te, varias mesas e un refuxio. Séguese pola estrada de Riotorto aproximadamente uns 300m para logo desviarse á esquerda por un camiño que nos levará ata o alto do Cerrochán, onde se pode desfrutar dunha excelente vista dos vales de Trabada.

Continuando, avístase un arboredo que envolve ao visitante ofrecendo unha sensación de tranquilidade, ao observar a ambos lados do camiño magníficas fragas conformadas por unha diversidade de especies. Seguindo o camiño, atópase un pequeno agasallo da natureza en forma de cascada e unha fonte. Continuando o camiño, rodeados pola Fraga da Cabanela, chégase a un punto en onde se une coa ruta da Fraga da Vilapena, dese punto sae un ramal á dereita para deleitarse cunha vista panorámica espléndida da Fraga de Vila-pena e de Vilaformán, que poderemos alcanzar opcionalmente, unha media hora máis, entre ida e volta.

Unha vez visto o panorama, tomarase o camiño de regreso ata o punto de partida. Parte deste último tramo é compartido co da ruta da Fraga de Vila-pena, conta cun refuxio de madeira e pódese observar a gran diversidade de especies: erbedeiros, acivros, castiñeiros... ata o punto no que gradualmente cambia a paisaxe e o sendeiro ábrese a unha paisaxe transformado pola man do home, onde destacan masas de coníferas, e entre elas o pino silvestre. Así, e case sen darse conta, o visitante acaba o percorrido.



## DATOS



4 horas



11 quilómetros



Dificultade medio

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605